Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

Asdo. José Manuel González García.

# 4. ANÁLISE DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL (ISA) E DA SÚA ADECUACIÓN AO PLAN.

Con data de 4 de abril de 2012, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental recibe do Concello a documentación do PXOM, entre a que figura o ISA, solicitando a emisión do correspondente informe de calidade.

A SXCA emite o 18/5/2012 un informe co obxecto de avaliar o grao de adecuación da estrutura e contido do ISA do PXOM do Concello de Porto do Son ao establecido no DR, en consonancia co anexo 1 da Lei 912006, mais unhas aclaracións e confirmacións posteriores logo de remitir a nova información solicitada, por tanto estes informes e documentos serven como referencia real do seu cumprimento (grafaranse en *cursiva* as citas literais a estes informes e documentos e a súa corrección), logo dos cambios introducidos en función das aportacións e correccións realizadas polo equipo redactor a raíz da resolución do propio informe e das reunións cos técnicos desta Secretaría Xeral para adoptar criterios e solucións aos puntos para os que se definían deficiencias.

*Avaliada a estrutura, contido e nivel de detalle do ISA presentado, de acordo coas determinacións do apartado 6 do DR, fanse as observacións que figuran a continuación.*

*a. Estrutura*

*En xeral, a estrutura exposta no ISA axústase á definida no apartado 6 do DR. O ISA inclúe a maiores dos apartados: o apartado 1, no que se expoñen unhas consideracións introdutorias á Avaliación ambiental estratéxica (ME) e ao procedemento da tramitación do PXOM do Concello; e o apartado 12. no que se aportan unhas conclusións á AAE.*

*b. Contido*

*Algúns apartados son excesivamente sintéticos, sendo necesario a súa consulta no propio documento do Plan. Se ben parte da información contida no ISA pode corresponderse con datos analizados en máis detalle noutras partes do plan, este deberá conter polo menos unha síntese dela, de xeito que a lectura única deste documento ofreza unha idea xeral da proposta e da súa incidencia no medio.*

*O ISA debe constituír un documento individualizado do plan, coa a información mínima necesaria que permita coñecer a incidencia do planeamento sobre o territorio.*

A este respecto tense completado a información solicitada.

*En relación á* ***determinación do ámbito de influencia*** *do planeamento.*

*Constitúe o epígrafe 2 do ISA. Fixa o ámbito de influencia do PXOM nos propios limites administrativos do Concello. Para as variables de sustentabilidade limita a área de influencia a dous niveis: un administrativo, no que o limite será comarcal; e un xeográfico, para o cal a área de influencia virá debuxada pola serra do Barbanza, as Rías Baixas e a de Muros-Noia.*

*En relación á análise obxectiva da contorna.*

*O contido deste epígrafe desenvólvese no apartado 3 do ISA. Informa dos elementos físicos e naturais do medio, do patrimonio cultural, das características socioeconómicas, da paisaxe e*

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
Urbanística II
Fernando García-Fente Varela
DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

*das infraestruturas e servizos. Identifica tamén os elementos estratéxicos do territorio e os plans e programas relacionados co PXOM.*

A este respecto tense completado a información referida a demografía, fauna, hábitats e espazos naturais.

*O estudo da paisaxe, desenvolvido no apartado 3.14., identifica correctamente as unidades ambientais do Concello. Tal e como se indicou no DR, o estudo paisaxístico deberá realizase dende as dúas dimensións da paisaxe: a paisaxe total ou global (síntese dos procesos) e a paisaxe visual (estética).*A este respecto o estudo da paisaxe avalía a fraxilidade no territorio, inclúe o Monte Dordo identificado polo POL e tense completado cunha observación a respecto da análise da calidade e se detallaron as cuncas visuais nas que se divide o ámbito.

*Sobre os plans e programas con interacción co Plan, estes aparecen recollidos no apartado 3.2. Identifícanse aqueles plans e/ou programas de rango superior relacionados co Plan, tanto a nivel territorial como sectorial, indicando o seu estado de tramitación.*

Nos plans e programas inclúese a análise solicitada para o planeamento dos Concellos limítrofes.

Para a zonificación acústica, no anexo de planos se presentan planos xerais e urbanos de dita zonificación, en relación coa regulación que a este respecto se contén na Normativa do PXOM.

*A identificación dos elementos estratéxicos do territorio -apartado 3.4.- realizase en función de todas as variables de sustentabilidade, de acordo ao establecido no DR.*

*En relación á* ***definición de obxectivos****:*

*No apartado 4, o ISA recolle unha serie de obxectivos xerais e ambientais específicos. Os obxectivos xerais establécense a tres niveis: os que a lei establece para a actividade urbanística, aqueles que nacen da análise do Concello e da súa contorna e uns ambientais que se corresponden cos criterios de sustentabilidade establecidos no DR.*

A este respecto os obxectivos téñense estruturado e completado para atender mellor á problemática detectada e ás actuacións do Plan.

*En relación á* ***análise das alternativas****:*

*O documento analiza (apartado 5) tres alternativas de planeamento: a alternativa "0" ou de non desenvolvemento do Plan xeral, así como as alternativas unha e dúas. O documento sinala que a alternativa cero levaría asociada a imposibilidade de ordenar os usos e actividades con criterios de sustentabilidade.*

*O ISA conta con diferentes apartados ("Cuantificación de alternativas" e "Resumo das alternativas") dos que as propostas de ordenación poden ser extraías, no entanto bótase en falta un epígrafe que conteña unha descrición mais concreta de ditas alternativas e que posibilite a súa valoración.*

*O apartado 5.2. "Cuantificación de alternativas" conta cunha táboa na que se recolle a ocupación de solo de cada unha das alternativas. Neste punto tamén se describen e comparan as alternativa "1" e "2" en función de determinados aspectos (consumo de solo, mobilidade, enerxía, emisión contaminantes, xestión de residuos, integración social, natureza,*

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

*medio rural, paisaxe, patrimonio, poboación e vivenda). Novamente, no aparto 5.3. "Resumo das alternativas", descríbense e compáranse as alternativas "1" e "2", neste caso, confrontándoas nunha táboa e analizando cada unhas das variables de sustentabiiidade recollidas no DR.*

*A continuación -apartado 5.4- realízase a avaliación das tres alternativas ("0", "1" e "2") mediante unha matriz na que se valora cuantitativamente -de cero a cinco- a integración de cada alternativa para cada un dos obxectivos ambientais, resultando a alternativa "2" a mellor valorada.* A este respecto a análise das alternativas tense estruturado e completado, de xeito que a descrición de cada alternativa considérase suficiente para unha comparativa entre elas, no apartado de cuantificación, compáranse as alternativas para cada variable, empregándose as mesmas variables e achegándose observacións diferentes para cada caso e xustifícase a metodoloxía e valores empregados para comparar cada alternativa.

*En relación á* **identificación e caracterización dos efectos sobre o medio***:*

*Este punto, desenvolvido no apartado 6, realiza unha valoración dos efectos do planeamento, tanto positivos como negativos. Para acadalo comeza identificando aquelas accións do Plan capaces de xerar algún efecto. As accións recollidas están relacionadas coas diferentes categorías de solo propostas: delimitación de solo urbano consolidado, delimitación de solo urbano non consolidado, delimitación de solo de núcleo rural, delimitación de solo urbanizable delimitado, delimitación de solo rústico, sistema xeral e local de zonas verdes e espazos libres, sistema xeral e local de equipamentos, sistema de comunicacións e sistema de servizos. A modo resumo, aporta un cadro (apartado 6.3.) mediante o que analiza que accións xerarán algún impacto, tanto positivo como negativo, para cada unha das variables de sustentabilidade.*

*No punto 6.2., identifica os efectos positivos e negativos para cada unha das variables de sustentabilidade descritas no DR.O documento informa -apartado 6.4.-de que analizará os efectos ambientais dos sectores urbanizables.*

Unha vez identificados os efectos valóranse así mesmo as características de cada efecto segundo o sinalado no Anexo I da Lei 9/2006, establecendo tres tramos de valor (inferior, medio e superior) que se van a codificar mediante letras e cores para visualizalos mellor e poder analizar mellor a súa posible incidencia (en función de que o seu efecto sexa favorable ou desfavorable), e as posibles variables e circunstancias de cada un dos efectos cos seus atributos, e elaborase unha táboa matriz, mediante un método de valoración cualitativo que representa agrupadas por cada variable as repercusións de cada un dos posibles efectos que poden acontecer da aplicación do PXOM.

En resume introdúcense as seguintes melloras:

- *Valóranse os efectos derivados das accións do planeamento, trasladando a este puntos os identificados nun punto anterior.*
- *Detállase a metodoloxía empregada, a cal segue as técnicas de avaliación ambiental e valora adecuadamente os efectos.*
- *Inclúense na valoración as variables economía e edificación.*

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

Xefe do Servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

- *Achéganse as fichas dos urbanizables nas que se valora a súa incidencia ambiental por variables e se fai unha valoración territorial do ámbito (capacidade acollida, usos...).*

*En relación ao **deseño de medidas**:*

*No apartado 7, o ISA establece unha serie de medidas encamiñadas a prever, potenciar, compensar ou corrixir aqueles efectos que a aplicación do PXOM terá sobre as variables do medio.*

*Ademais, no apartado 6.4., o ISA incorpora unhas fichas sobre os sectores urbanizables que conteñen unha serie de medidas particulares relativas a hidroloxía, a topografía e a paisaxe.*

*Lémbrase que as medidas se proporán tendo en consideración a natureza dos efectos ambientais da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e sobre os aspectos clave, serán específicas do Plan e deberán ser integradas no planeamento mediante a súa incorporación na normativa a modo de ordenanzas destinadas á protección do medio.*

A este respecto o deseño de medidas tense reestruturado e completado, segundo o seu ámbito de incidencia:

- **Medidas xenéricas:** Son aquelas deseñadas para a redución dos impactos xerados pola aplicación do ordenamento xeral e que se recollerán principalmente na normativa de planeamento. Dentro destas medidas distínguense dous tipos:
  1. **Medidas de protección vectorial** encamiñadas a protexer os distintos vectores medioambientais (atmosfera, relevo e solos, hidroloxía, vexetación, fauna, paisaxe).
  2. **Medidas horizontais ou transversais** que abordan cuestións xerais da sostibilidade que afectan a distintas variables ou vectores.
- **Medidas particulares:** medidas de aplicación en determinadas actuacións ou ámbitos delimitados ou acotados, e que se redactarán e aplicarán concretamente para eses propios ámbitos, por tanto irán recollidas nas fichas de planeamento de cada actuación ou ámbito.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

Ademais, para clarificar e confirmar a aplicación normativa das medidas, descríbense e sintetízanse nunha táboa resume as medidas principais vinculadas a variable e ao efecto respectivo (codificados numericamente segundo a clave de táboas anteriores onde se detallaban os efectos) e aos artigos normativos correspondentes tendo en consideración a natureza dos efectos estratéxicos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade, asegurando así o desenvolvemento das accións do plan, en condicións de sustentabilidade e calidade ambiental, concentrándose as medidas tomadas nos citados efectos negativos para previlos, corrixilos ou compensalos.

*En relación ao **plan de seguimento**:*

*O plan de seguimento, descrito no apartado 8, incorpora os indicadores que figuran no DR.*

Procedese a introducir os correspondentes valores de referencia para aqueles dos que se dispoñen datos, e no seu caso se indica a ausencia deste valor pola imposibilidade de obter o dato, propondo (en caso de que exista e que teña a necesaria dispoñibilidade) unha nova

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
2 8 ABR. 2016
O xefe do Servizo de Planificación Urbanística II

fonte de datos fiable que permita o seu seguimento. Tamén se fai constar a participación do órgano ambiental, e se establece a periodicidade da emisión anual dos informes de seguimento.

*En relación ao **informe sobre a viabilidade económica** da alternativa seleccionada:*

*O ISA presenta un estudo da viabilidade de asignación do custo do PXOM ás distintas administracións. Indica que, tendo en conta as características do Concello e as súas capacidades investidoras, o custo ao que deberá facer fronte o Concello será perfectamente asumible á vez que razoable.*

Procedese a avaliar a viabilidade económica das alternativas das que se dispoñen de datos económicos (a 1 e a 2) e analízase en detalle (para cada actuación) o custo das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos.

*En relación á **análise de coherencia**:*

*No apartado 10 do ISA analízase a coherencia dos obxectivos. Por unha banda analiza a coherencia entre a alternativa seleccionada (as accións de dita alternativa) e os obxectivos de sustentabilidade establecidos no ISA; e por outra analiza a coherencia entre os elementos estratéxicos obtidos na análise obxectiva da contorna e os obxectivos establecidos.*

*Para realizar estas análises emprega dúas matrices de dobre entrada, nunha indícanse nas filas os obxectivos medioambientais do PXOM (que derivan dos criterios e variables do documento de referencia) e nas columnas as accións, na outra indícanse igualmente os obxectivos medioambientais do PXOM nas filas, mentres que nas columnas sitúa os elementos estratéxicos. Para as interaccións producidas establece os seguintes graos de compatibilidade: sinerxía, totalmente compatible, xeralmente compatible, parcialmente compatible (con zonificación ou subordinación), conflitiva e incompatible.*

*As análises da coherencia realizadas son as relativas á coherencia interna, que sirve para coñecer en que medida o Plan define os obxectivos e prioridades de carácter ambiental e se estes son coherentes co diagnostico realizado. Por outra banda, analizase a coherencia externa do Plan, para avaliar así o grao de compatibilidade entre o Plan e os instrumentos de rango superior, no que as DOT e o POL, constitúen o marco de referencia. Realizase a través do instrumento da análise ACE proposta nas DOT, que inclúe os seguintes apartados:*

- *Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, xustificando cómo foron considerados os efectos do plan sobre os aspectos clave.*
- *Proceso de decisión, analizando a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o planeamento.*
- *Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a relación do plan cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva da contorna realizada nas DOT.*

*En relación ao **resumo non técnico**:*

*O resumo non técnico elaborado no apartado 11 axústase ao requirido no DR.*

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

# 5.AVALIACIÓN DO RESULTADO DA FASE DE CONSULTAS.

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

## 5.1. Análise do procedemento de participación pública e consultas.

Dende que se inicia a redacción do PXOM de Porto do Son, o documento foi adaptándose aos diferentes cambios de normativa en materia de solo e as consideracións e determinacións das Administracións consultadas, ás consideracións e determinacións do órgano substantivo da Xunta de Galicia, e aos resultados da exposición pública. Polo tanto, o documento do PXOM que xunto co Informe de Sustentabilidade Ambiental sométese ao trámite de exposición pública é xa un documento moi elaborado.

Os informes e alegacións recollidas durante a fase de información pública determinan a introdución de modificacións no documento do PXOM elaborado para a súa aprobación provisional.

## 5.2.Exposición pública e tramitación da aprobación inicial.

Unha vez rematados os traballos desta fase, o Equipo fixo entrega no Concello da documentación integrante do documento definitivo para Aprobación Inicial, que foi aprobado polo Concello en pleno do día 27/febreiro/2012 e sometido á exposición pública.

A publicación deste acordo e do período de exposición pública foi realizada no Diario Oficial de Galicia Nº 58 do día 23/marzo/2012 e nos periódicos La Voz de Galicia e El Correo Gallego do día 6 de marzo de 2012.

A exposición ao público propiamente dita, realizouse dende o día 23 / marzo/ 2012 ata o día 23 / maio / 2012 dese mesmo ano, na Casa do Concello.

A atención ao público para a realización das consultas pertinentes, foi atendida durante este período (e aínda despois) polos membros da Oficina Técnica do concello e varios días á semana por parte de membros do Equipo Redactor, nese mesmo lugar.

## 5.3.Análise dos resultados da participación pública dos alegantes privados ou asociacións privadas e integración dos resultados.

Imos a facer unha análise das alegacións presentadas, para estudar convenientemente o alcance do que se solicita, e do nivel de aceptación que a xuízo do equipo redactor, se podía acadar na presente entrega da documentación.

A participación pública no proceso de aprobación inicial foi salientable, e tense traducido a cantidade proporcional de 791 alegacións

Procedeuse a unha análise polo miúdo respecto das alegacións presentadas, para estudar convenientemente o alcance do que se solicita e a posibilidade de aceptar ou non as propostas formuladas. A metodoloxía adoptada para ter controladas as alegacións e as modificacións sobre o PXOM que se poidesen derivar, consisitíu no traslado a unha base de

datos con reflexo espacial de cada unha das cuestións plantexadas e o seu posterior tratamento clasificando cada unha destas cuestións como se indica no seguinte parágrafo.

En xeral a maioría das alegacións refiren a cambios na clasificación do solo para incluír parcelas colindantes cos núcleos urbanos e rurais. Outras refiren ao trazado da nova variante de Portosín ou ao emprazamento do novo parque empresarial (algunha destas alegacións están asinadas por grupos de persoas que se opoñen conxuntamente as cuestións referidas no novo PXOM). Tamén hai alegacións de carácter administrativo como as referidas aos límites municipais ou culturais tanto daquelas que cuestionan os elementos de catálogo incluídos no novo plan ou da división entre as parroquias que se grafía na planimetría ou de carácter cartográfico xa que se detectaron algúns erros da cartografía do plan para ser subsanados.

Por último tódalas alegacións foron valoradas polo equipo redactor, atendendo ao seguinte criterio:

1.-Estimadas, todas aquelas alegacións que teñen posibilidade de ser incorporadas ao plan .

2.-Desestimadas, todas aquelas alegacións que teñen difícil ou imposible a súa incorporación ao plan.

3.-Estimadas parcialmente, todas aquelas alegacións que só parte do exposto ten a posibilidade de ser incorporado ao plan.

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor das alegacións recibidas no concello de Porto do Son da que se deriva a integración dos resultados derivados da súa toma en consideración no PXOM:

| **TOTAL CONCELLO** | Irresolubles | Non Estimadas | Estimadas Parcialmente | Estimadas | **Totais** |
|---|---|---|---|---|---|
| ALEGACIÓNS | 4 | 298 | 49 | 440 | **791** |
| % | 0,51% | 37,67% | 6,19% | 55,63% | **100%** |

## 5.4.Análise dos resultados da participación pública das administracións públicas e integración dos resultados.

Dos informes requiridos ás distintas administracións públicas recibíronse os que se recollen no seguinte cadro resume. Estes informes presentan condicións e indicacións que conlevaron variacións nas determinacións dos documentos do PXOM, e se acadaron finalmente informes favorables naqueles casos en que os informes iniciais eran desfavorables.

5: Informes recibidos

| **ORIXE** | **Nº REX. ENTRADA NO CONCELLO INFORME** | **Nº REXISTRO SAÍDA DA CONTESTACIÓN** |
|---|---|---|
| Concello de Noia | 2739<br>16/04/2012 | |

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016. O secretario, Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fonte Valdés

| ORIXE | Nº REX. ENTRADA NO CONCELLO INFORME | Nº REXISTRO SAÍDA DA CONTESTACIÓN |
|---|---|---|
| Deputación da Coruña- Patrimonio e Estradas | 5648<br>04/07/2012 | 1718<br>15/04/2013 |
| Consellería de Facenda- S.X. Técnica e do Patrimonio | 4131<br>23/05/2012 | 1727<br>15/04/2013<br>Portelo 2013/464<br>15/04/2013 |
| Ministerio de Fomento- D.G. Aviación Civil | 7178<br>31/08/2012 | |
| Consellería de Medio Ambiente- D.X. Infraestruturas | 7033<br>28/08/2012 | 2577<br>28/05/2013 |
| Consellería de Medio Ambiente- Augas de Galicia | 4874<br>14/06/2012 | 1725<br>15/04/2013<br>Portelo 2013/463<br>15/04/2013 |
| Consellería de Medio Ambiente- S.X. de Calidade e Avaliación Ambiental | 4233<br>24/05/2012 | |
| Consellería de Medio Ambiente- D.X. de Conservación da Natureza | 3068<br>06/05/2013 | |
| Consellería de Medio Ambiente- S. X. Ordenación Territorio e Urbanismo | 1140<br>15/02/2013 | |
| Consellería de Cultura- D.X. Patrimonio Cultural | 8047<br>05/10/2012 | |
| Consellería de Medio Rural – S.X. Medio Rural e Montes | 3227<br>02/05/2012 | 1721<br>15/04/2013<br>Portelo 2013/462<br>15/04/2013 |
| Consellería de Medio Rural- Ente Pº Portos de Galicia | 6420<br>03/08/2012 | 1807<br>17/04/2013<br>Portelo 2013/487<br>17/04/2013 |
| Ministerio de Agricultura- D.X. Sostenibilidade- Demarcación de Costas de Galicia | 4561<br>05/06/2012 | |
| Ministerio de Defensa- Area de Patrimonio | 6050<br>19/07/2012 | 1806<br>17/04/2013 |
| Delegación do Goberno- Area de Industria e Enerxía | 3274<br>02/05/2012 | |

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor dos informes recibidos das distintas administracións públicas no concello de Porto do Son da que se deriva a integración dos resultados derivados da súa toma en consideración no PXOM:

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| Concello de Noia | 16-4-2012 | Corrección limites municipais | Indícanse algunhas cuestións a respecto dos limites municipais, que deberán resolverse mediante os tramites oportunos ante a administración competente nesa materia. |
| Consellería de Medio Rural – S.X. Medio Rural e Montes | 2-5-2012 | Actualización da cartografía de Montes | Intégranse no plano de información "I2.2-MontesComunais-Concentración Parcelaria" as novas delimitacións aportadas en formato dixital por esta consellería actualizando o plano existente. |
| Delegación do Goberno- Area de Industria e Enerxía | 2-5-2012 | | O informe é favorable, e formula unha serie de observacións e normas aplicables en materia de infraestruturas energéticas. |
| Consellería de Facenda- S.X. Técnica e do Patrimonio | 23-5-2012 | Correccións planimétricas | Recóllese a parcela propiedade da Xunta de Galicia onde se levanta o campamento xuvenil Virxe de Loreto (E-134), que non se atopa correctamente delimitada, indicándose que se ha de incorporar a finca que figura na cartografía catastral e que é moito maior que a actualmente contemplada. |
| | | | Corríxese a delimitación do dominio público portuario adscrito ao porto de Porto do Son e que non figura correctamente incorporado ao PXOM, sendo o recollido nel menor do que debería, segundo o plano que se adxunta e que se axusta de xeito pormenorizado coa petición de Portos de Galicia sobre a corrección da delimitación portuaria no cal aporta tamén situación planimétrica. |
| Consellería de Medio Ambiente- S.X. de Calidade e Avaliación Ambiental | 24-5-2012 | | Para a contestación deste informe mantivéronse varias reunións cos técnicos desta Secretaría Xeral adoptando criterios e solucións aos puntos que definían deficiencias inicialmente no informe a respecto da calidade do ISA. Con estas correccións puntuais nos contidos do ISA en diversos apartados dese documento, enténdese por cumprido coas esixencias do mesmo. |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| Ministerio de Agricultura- D.X. Sostenibilidade- Demarcación de Costas de Galicia | 5-6-2012 | Cambios na normativa e fichas de planeamento | No caso do borde litoral a Dirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre fixo unha serie de consideracións relativas a cuestións da súa competencia, cuxo tratamento no PXOM é o seguinte.<br>1. Procedeuse á revisión dos planos de ordenación sinalados da serie 2 de forma que se faga visible a liña de ribeira do mar.<br>2. Por outra banda e tal e como se solicita neste apartado, recóllense literalmente na normativa urbanística (artigo 6.3.3) as determinacións normativas de caracter xeral que se indican.<br>3. Tamén se recolle normativamente que os Plans Especiais das zonas de Litoral deberán remitirse ao organismo que se indica para que este emita sobre os mesmos o informe que dispoñen os artigos 112 a) e 117 da Lei de Costas.<br>4. Inclúese nas fichas tanto dos núcleos rurais, como dos solos urbanizables ou das áreas de reparto de solo urbano non consolidado sinaladas todas elas afectadas pola servidume de protección a seguinte disposición: *Os usos na zona de servidume de protección de costas dentro do ámbito delimitado estarán ao que dispoñen os artigos 24 e 25 da Lei de Costas, e respectarase o que dispoñen os artigos 27 e 28 do citado texto legal para as servidumes de tránsito e acceso ao mar.*<br>5. O ámbito do solo urbanizable SU-I-01 atópase fora da zona de servidume de protección de costas, actualmente a máis de 500 metros dende a liña de ribeira do mar, de maneira que agora non se ve afectado por ela, polo que se entende que non é preciso establecer como límite a edificabilidade media do concello que se indica no informe.<br>6. Nas fichas daquelas edificacións e elementos do Catálogo que se localicen en terreos de dominio público marítimo-terrestre e/ou de servidume de protección, inclúese que: *independentemente do réxime de protección que estableza o Catálogo, terase en conta que os usos estarán suxeitos ao disposto nos artigos 24 e 25 da Lei de Costas, e que as edificacións e instalacións estarán ao establecido na Disposición Transitoria Cuarta do citado texto legal.* |
| Consellería de Medio Ambiente- Augas de Galicia | 14-6-2012 | Memoria | Descríbense as redes de abastecemento referidas no informe na memoria de información do PXOM |
| | | Cambios na normativa | Para aquelas traídas veciñais, das que non sexa posible aportar información sobre o estado das mesmas, recóllese na normativa urbanística (artigo 5.3.7) que *"aquelas traídas veciñais que con data da aprobación definitiva do PXOM non conten coa preceptiva concesión administrativa para o aproveitamento das augas que empregan, estarán obrigadas a tramitar a súa legalización ou cesar no aproveitamento".* En todo caso aquelas que se achegen ao concello con posterioridade a redacción deste documento serán incorporadas a documentación do PXOM. |
| | | | Inclúese no artigo 5.2.4 que *"As augas residuais non poderán verter a leitos ou canles naturais públicas sen acadar os parámetros admitidos para o seu vertido final a eses espazos, por tanto, para a realización de calquera tipo de vertido, directo ou indirecto, será necesaria a autorización do organismo da cunca hidrográfica (Augas de Galicia),...... . No caso concreto das fosas sépticas para o saneamento en zonas de solo rústico será precisa unha autorización expresa".* |
| | | Sobre riscos hidrolóxicos | No que atinxe aos planos onde se indican cales son as zonas inundables para os períodos de 100 e 500 anos, estímase que tales estudios deberían corresponder ao organismo de bacia, que é o que pode establecer uns criterios comúns para todo o seu ámbito de competencia e definir uns mesmos niveis de risco e zonas de seguridade, sinalando entonces cales son os espazos que deben quedar resgardados ou nos que se permite a súa incorporación ao desenvolvemento urbanístico para dar traslado dos mesmos ao plan xeral respectivo en redacción. De tódolos xeitos, sobre aqueles terreos que semellan ser máis sensibles o propio PXOM establece a súa clasificación como solo rústico de protección de augas, costas ou aqueles que sendo máis restritivos e as veces superpostos cos anteriores, permitan diminuír os efectos que as cheas podan ter sobre os bens e as persoas. |

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Sergio Fuente Varela

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| Deputación da Coruña-Patrimonio e Estradas | 4-7-2012 | | No que respecta aos inconvintes sinalados nas estradas de titularidade provincial que se poñen de manifesto, a documentación do PXOM de Porto do Son modificase no sentido seguinte:<br>1. En primeiro lugar gráfanse as aliñacións do viario nos planos así como as liñas de edificación, no caso das primeiras establecese unha distancia de 8 metros dende o eixo a cada lado, agás en zonas onde existe consolidación pola edificación, nos que se reduce, tal e como se permite no propio informe da administración provincial, en canto á segunda, no caso da estrada 7103 sitúase a 9,50 metros da aresta exterior da explanación, en tanto que nas outras dúas (7101 e 7102) faise a 7 metros das ditas arestas.<br>2. Dado que agora si existen aliñacións nos planos tal e como se solicitaba, recóllese na normativa (artigo 4.9.1) que: *"Se existen aliñacións haberá que condicionar a construción de peches ou calquera outro elemento á posterior explanación do terreo entre aliñacións a cota do viario sen que estes se vexan afectados"*.<br>3. Tamén se recolle nos planos así como na normativa (artigo 4.9.1) que: *"o ancho mínimo entre aliñacións nas vías provinciais será de 16 metros. Este ancho poderá reducirse en casos suficientemente xustificados (liñas de edificación consolidadas, existencia de edificacións con valor patrimonial), a condición de que se trate de zonas puntuais, e se conserve un ancho mínimo de 10 metros, excepcionalmente de 8 metros, mantendo un trazado que garanta as suficientes condicións de visibilidade e seguridade.*<br>4. Inclúese así mesmo na normativa urbanística (artigo 4.9.1) que: *"o solo rústico de protección de infraestruturas asociado ás estradas provinciais haberá de abarcar como mínimo a franxa de terreo comprendida entre as liñas límite de edificación definidas segundo o artigo 35 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia"*. A eses efectos as liñas debuxadas nos planos son simplemente orientativas debendo medirse sobre o terreo as dimensións reais para cada caso concreto.<br>5. Tal e como se solicita, recóllense literalmente na normativa urbanística (artigo 4.9.1) as determinacións normativas de caracter xeral que se indican no que respecta ás estradas provinciais.<br>6. Modificouse a denominación das estradas para que aparecese na planimetría DP no canto de AC.<br>7. Nos planos contemplase o trazado do proxecto denominado ampliación da plataforma e mellora do trazado na EP 7103 de Laranga a Oliveira por Seráns, P.K. 0+000 ao P.K. 6+224. así como a reserva de terreo necesaria para a súa execución. |
| Ministerio de Defensa- Área de Patrimonio | 19-7-2012 | | Unha vez analizado o recollido no pronunciamento do Ministerio de Defensa procédese a recoller tanto na normativa (artigos 1.7 e 1.8), a través da referencia ao cumprimento do disposto tanto na lei 8/1975 de 12 de marzo, como no Real decreto que a desenvolve (RD 689/1978) e o que modifica a este último (RD 2098/1985), así como as distancias na planimetría do PXOM que permitan dar cumprimento á salvagarda da Zona de Protección Radioeléctrica para a propiedade sinalada no monte Iroite denominada "Escuadrón de Vigilancia Aérea nº:10". |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

**DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.**
**O secretario,**

**Asdo. José Manuel González García.**

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| Consellería de Medio Rural-Ente Pº Portos de Galicia | 3-8-2012 | | O informe de Portos de Galicia indica unha serie de cambios que se deben efectuar na documentación do PXOM, e de forma resumida a integración destes aspectos seria a seguinte:<br>• No que atinxe á inclusión das tres instalacións portuarias coas delimitacións correctas, e sendo denominadas como sistema xeral portuario, procédese á corrección da documentación nese senso, sen prexuízo de que no caso das fichas dos respectivos ámbitos de cadanseu sistema xeral portuario se describas as instalacións, equipamentos e zonas verdes que a día de hoxe conteñen.<br>• No que respecta ao catalogo de elementos aqueles sinalados e codificados coas claves E_004 (Cruceiro da Guitarra), e E_005 (Hórreo no Cruceiro da Guitarra) **figuran no listado que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural remitiu ao Concello de Porto do Son (A Coruña) aos efectos da súa inclusión no Catálogo de Bens Culturais** con data de 25 de xuño de 2012 (Rexistro Xeral de Saída nº 15362; Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), **co cal é obrigada para o PXOM a súa inclusión**. En canto aos valores propios que motivan a súa inclusión no catálogo hai que mencionar que, a maiores o Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico (BOE nº 77, de 30.03.1963) concede a todos os cruceiros de máis de 100 anos de antigüidade, caso do Cruceiro da Guitarra, a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) na definición que destes bens ofrece a disposición adicional 2ª da Lei 8/1985, de 30 de outubro, do Patrimonio Histórico Español e, xa que logo, do 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG nº 214, de 8 de novembro de 1995). Ademais a disposición adicional 2ª da Lei 8/1985, de 30 de outubro, do Patrimonio Histórico Español e, xa que logo, a 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG nº 214, de 8 de novembro de 1995) recoñece tamén a consideración de BIC aos hórreos de máis de 100 anos, caso deste que nos ocupa, de Galicia e Asturias aos que se refire o Decreto 499/1973 (BOE nº 62, de 13.03.1973).<br>• Con respecto á inclusión na normativa da necesidade de informe previo para as licenzas que se soliciten no ámbito dos plans especiais de Porto do Son, Portosín e da instalación portuaria de Boa, tal prescrición incorpórase dentro do articulado da normativa urbanística do PXOM de Porto do Son (artigo 3.3.4).<br>Así pois enténdese que se da cumprimento ao solicitado no informe de Portos de Galicia, para que este organismo emita informe favorable ao PXOM de Porto do Son. |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

**DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.**
**O secretario,**

**Asdo. José Manuel González García.**

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| Consellería de Medio Ambiente- D.X. Infraestruturas | 28-8-2012 | Temática xeral | Unha vez analizado, e tras levarse a cabo varias reunións en 2012 e 2013 na se da AXI con técnicos da mesma, o equipo redactor do PXOM de Porto do Son pon de manifesto o seguinte en atención ao sinalado no documento da administración autonómica:<br>1. SOLO DE NÚCLEO RURAL.<br>As cuestións relativas aos núcleos rurais debatéronse en detalle en varias reunións coa AXI, onde se estableceron criterios concretos a recoller no PXOM, que mesmo se testaron en planos de ordenación que foron corrixidos varias veces polos técnicos da AXI ata acadar os parámetros requiridos por esa administración, e se incluíron os textos normativos e os correspondentes esquemas explicativos que foron remitidos por parte deses mesmos técnicos para a adaptación da aplicación da Normativa, polo tanto se dan por cumpridos eses requisitos, tanto a respecto da consolidación como das liñas de edificación que se cuestionaban no informe.<br>2. SOLO URBANO.<br>Tal e como se solicitaba no informe impónselle ao desenvolvemento do ámbito Portosín-APR-1-02 a condición da imposibilidade de previsión de xiros á esquerda no enlace coa vía autonómica en tanto non se reordenen tódolos tráficos da travesía. Tamén se fai constar que o desenvolvemento deste solo precisará autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de estradas.<br>3. SOLO URBANIZABLE.<br>Procedeuse á inclusión nas fichas de desenvolvemento dos solos urbanizables SU-R-02, SU-R-03, SU-R-05 e SU-R-06 a obriga de solicitar informe ao organismo competente en materia de estradas.<br>No que se refire ao ámbito Nebra: SU-I-01, e dadas as circunstancias sinaladas no informe en referencia á execución da variante de Portosín, o desenvolvemento do mesmo queda adscrito tanto á obtención dos terreos como á execución do tramo do vial V-008 de conexión coa estrada AC-550 así como a execución do correspondente enlace, que dadas as condicións da vía será obrigado que sexa un enlace en "T" con carrís de aceleración e deceleración e carril central que cumpra coa normativa vixente en materia de enlaces. Tamén se recolle na ficha do ámbito que este enlace deberá contar co informe vinculante do organismo autonómico competente.<br>4. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.<br>Dado que en xeral é moi difícil que as administracións supramunicipais contemplen achegas económicas concretas durante o proceso de tramitación dun PXOM, e máis nos actuais tempos de crise económica, o que se fai no Estudo Económico Financeiro é garantir a capacidade inversora coa que conta o Concello, en tanto se avalían só a título informativo as estimacións de en que medida deberían contribuír outras administracións para levar a cabo as actuacións previstas, sen establecer polo tanto en concreto obriga de ningún tipo con ningunha delas, xa que os investimentos que aquelas vaian a realizar e a programación dos mesmos, correspóndense ao ámbito da súa exclusiva autonomía, podendo en algúns casos ser froito de negociación cos concellos beneficiarios das mesmas, polo que (aínda que no EEF non se asignan actuacións a administracións concretas) só se recollerá a referencia á execución da variante de Portosín que figura no Plan Move con cargo a administración autonómica. |
| | | Correccións complementarias | Unha vez enviada en Maio de 2013 unha separata de resolución das cuestións que se plantexaban no informe de 22 de agosto de 2012 da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), recíbese unha nova solicitude de pequenas correccións sobre esa documentación a respecto de dúas cuestións:<br>1. A respecto da discrepancia entre o trazado previsto no Plan Xeral e a opción seleccionada pola Axencia no Estudio Informativo da variante de Portosín, tense solicitado da AXI o ultimo trazado, que foi trasladado ao PXOM.<br>2. A respecto da liña de peche e a súa tipoloxía en relación ás estradas autonómicas en solo de núcleo rural, procedese a incluír un novo apartado no artigo xeral dos peches (4.3.2) para a regulación xeral dos peches nas estradas autonómicas en todas as clases de solo (incluídos os núcleos rurais, e se inclúe nas súas ordenanzas unha cita literal a este artigo para o seu obrigado cumprimento), segundo o solicitado pola AXI, cunha proposta literal e de gráfico. |
| Ministerio de Fomento- D.G. Aviación Civil | 31-8-2012 | | O termo municipal de Porto do Son non está incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas legais correspondentes aos Aeroportos de Interese Xeral, nin se ve afectado por ningunha instalación radioeléctrica aeronáutica para a navegación aérea que competa ao Ministerio de Fomento, polo que este centro directivo non é competente para emitir informe. |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do Servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| Consellería de Cultura- D.X. Patrimonio Cultural | 5-10-2012 | Temática xeral | O informe trata múltiples aspectos que analizaremos pormenorizadamente, e que foron tamén tratados persoalmente, con carácter xeral, por membros do equipo na propia Delegación da Consellería. Divídese o informe en varias partes, e reflíctense no presente informe o tratamento dado a cada un dos apartados. |
| | | BENS A PROTEXER | |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

**DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.**
**O secretario,**

**Asdo. José Manuel González García.**

1.1. A ficha do Catálogo A_055 (Casa reitoral de Baroña), que coincide coas coordenadas que inclúe o informe, xa figura no documento do PXOM.

1.2. A vivenda que coincide coas coordenadas que inclúe o informe para a Casa da Avda de Galicia nº 13 (499890-4730543) xa figura na ficha A_003 no documento do PXOM, aínda que os nº postais reais correspóndense co 14-15. O nº 13 ao que se refire o informe carece de valores arquitectónicos e patrimoniais.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| | | | logo calquera actuación no contorno destes bens que pretenda levarse a cabo no futuro deberá contar co informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura.<br>Os elementos E_064, E_069, E_070 e E_073 aparecen agora representados no plano de ordenación correspondentes, grafando ademais un contorno de protección específico común aos hórreos da Silva (E_083) e Calo.<br>O elemento E_074 conta xa coa clave do plano de ordenación.<br>O ben E_116 conta xa cun contorno de protección, tal e como se solicitaba no informe.<br>Rectificouse o trazado e o largo do viario proposto que afecta a I_003 e I_004 para evitar a súa afección directa. En calquera caso cómpre recordar que na Normativa do PXOM xa se protexen os muros tradicionais e o arborado autóctono vinculado aos camiños incluídos no Catálogo. |
| | | NORMATIVA DE PROTECCIÓN | Acéptanse con carácter xeral as indicacións recollidas neste punto do informe, pero compre aclarar ou matizar as seguintes:<br>• A aldea de Laranga (A_058) figura agora como Conxunto Rural de Interese, e non como conxunto histórico, denominación incluída na Normativa cunhas condicións precisas.<br>• No que respecta ao núcleo tradicional de O Outeiro, o seu rueiro (dado que este é o principal elemento ou característica a protexer deste núcleo) foi incorporado á ficha E_177.<br>• No que atinxe ao Castro de Baroña, o PXOM incorpora a delimitación do BIC publicado no DOG. A ordenación detallada deste ámbito non é competencia do PXOM; tampouco é atribuíble ao equipo redactor a discordancia entre os técnicos que redactaron e aprobaron dous documentos contraditorios (a delimitación do BIC e o PE), por iso incorporamos á Normativa (apartado 3.5.3) o seguinte texto: "En calquera caso, deberase revisar este Plan Especial para adaptalo á delimitación legal do BIC homónimo; mentres non se leve a cabo este trámite administrativo as discrepancias existentes entre ambos documentos serán resoltas pola DXPC ao abeiro da Normativa do PXOM que regula os xacementos arqueolóxicos". |
| | | ORDENACIÓN | Acéptanse con carácter xeral as indicacións recollidas neste punto do informe, pero compre aclarar ou matizar as seguintes:<br>• No que se refire ás APR-1-02 e APR-1-03, incorpóranse ás fichas respectivas as seguintes determinacións:<br>APR-1-02; OBXECTIVOS DE PLANEAMENTO:<br>Reforzar a identidade do piñeiral no que se atopa o Campanario (elemento importante e singular do patrimonio cultural da zona) coa contorna na que se integra, preservando o dominio visual sobre o espazo litoral desde a cota máis inferior deste ben de interese cultural (A_093).<br>APR-1-03; CRITERIOS:<br>Reforzar a identidade do espazo libre que se atopa no contorno da fonte-lavadoiro catalogado (E_036, elemento importante e singular do patrimonio cultural da zona) coa contorna na que se debe integrar, preservando os muros tradicionais e a centralidade deste espazo no ámbito da APR.<br>Tamén se sinala agora en ambas que "Para o desenvolvemento deste ámbito deberase contar co informe previo e vinculante da Consellería competente en materia de patrimonio cultural" e se incorporan os criterios de ordenación que se indican no informe para os ámbitos con elementos protexidos.<br>En calquera caso na próxima entrega serán remitidas á DXPC as fichas correspondentes a ambas APR.<br>• O plano de clasificación xeral do solo, serie O2, recolle agora a delimitación dos contornos de protección dos bens catalogados, polo que agora esta documentación si poderá ser revisada pola DXPC.<br>• Na Normativa e nas fichas do Solo Urbanizable nas que se integran bens de interese cultural recóllese agora que o desenvolvemento urbanístico destes ámbitos deberá contar co informe favorable previo da Consellería de Cultura e se incorporan os criterios de ordenación que se indican no informe para os ámbitos con elementos protexidos.<br>• A respecto dos parámetros non regulados na ordenanza de solo de núcleo rural histórico-tradicional que cómpre introducir ou modificar segundo os criterios indicados, se aceptan con carácter xeral, pero se rechaza en concreto o referido a superficie máxima edificable (por considerar suficientes as limitacións recollidas na ordenanza a este respecto e por ser |

| DESTINO | Nº REX. ENTRADA CONCELLO | RESUMO OU TEMATICA | INTEGRACIÓN NO PLAN |
|---|---|---|---|
| | | | complexo e discriminatorio remitilo a un moi laborioso e complicado estudo con resultados diferentes e probablemente moi dispares para cada núcleo), e se ten reaxustado o referido a prohibición de sotos nas edificacións tradicionais.<br>• O solo comprendido no contorno inmediato dos bens culturais de carácter arqueolóxico (xacementos con protección de Grao I ou II-1) aparece categorizado como Solo Rústico especialmente protexido para zonas de interese patrimonial, artístico ou histórico.<br>Tamén se ten realizado a prospección arqueolóxica para elaborar o catálogo e a delimitación dos ámbitos de protección dos xacementos arqueolóxicos de Porto do Son para a súa inclusión no PXOM, dirixida polo arqueólogo D. Angel Concheiro Coello, e autorizada pola resolución do Xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural, da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña de 7 de maio de 2013 (ED 102A 2013/133-0). |
| Consellería de Medio Ambiente-S. X. Ordenación Territorio e Urbanismo | 15-2-2013 | | Divídese o informe en varias partes, e reflíctense no presente informe o tratamento dado a cada un dos apartados.<br>A. DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARITIMO-TERRESTRE.<br>Actualizáronse os deslindes segundo o indicado.<br>B. NORMATIVA URBANÍSTICA.<br>Con carácter xeral admítense as correccións indicadas, aínda que se citan nalgúns casos artigos da Lei de Costas que están anulados por sentencia, e tamén rexéitanse aquelas cuestións que teñen cambiado o seu tratamento polas novas posibilidades que ofrece a modificación recente da citada lei que (entre outras cuestións) permite en núcleos rurais procedementos que antes só se permitían ao solo urbano.<br>C. PLANOS DE ORDENACIÓN.<br>Para os urbanizables localizados nos primeiros, 200 m da ribeira do mar, solicitarase informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia solicitando a redución do solo rústico de especial protección de costas de 200 metros dende a ribeira do mar ata como máximo 100 metros, cuestión que ademais xa se considerou na memoria xustificativa do PXOM.<br>A respecto da información requirida nos núcleos rurais en zonas de costa, o estudio do Modelo de asentamento da poboación xa conta cunhas fichas gráficas en color e a escalas variables par cubrir a delimitación do núcleo en cuestión na que se reflexa de xeito claro ao noso entender a estrutura do parcelario e da ocupación das parcelas na franxa comprendida entre a ribeira do mar e os 200 metros.<br>A delimitación do espazo portuario foi incorporada a documentación gráfica do PXOM dacordo cos datos facilitados polo ente de Portos de Galicia. |
| Consellería de Medio Ambiente-D.X. de Conservación da Natureza | 6-5-2013 | | Logo das reunións mantidas con técnicos desta Secretaría Xeral adoptáronse as pertinentes correccións do documento incorporando e modificando aqueles apartados que asi o requerisen. |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

2 8 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

# MEMORIA AMBIENTAL

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

AL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás determinacións pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística
Fernando García-Fente Varela

## RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE APROBA A MEMORIA AMBIENTAL CORRESPONDENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON (A CORUÑA)

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

**Nome do plan:** Plan xeral de ordenación municipal
**Órgano promotor:** Concello de Porto do Son
**Código Web:** 0599/2008

### ANTECEDENTES

1. O Concello de Porto do Son, como órgano promotor, presentou o 23.06.2010 o Documento de inicio do Plan xeral de ordenación municipal (en diante Plan ou PXOM).
2. O Documento de inicio foi exposto ao público a través da dirección web de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental, abríndose un prazo de consultas do 28.06.2010 ao 28.07.2010. Durante dito período, consultouse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que realizasen os comentarios que estimasen pertinentes en relación ao Plan.
3. Con data do 06.08.2010 emítese o documento de referencia (DR), tomando como base o documento de inicio e o resultado das devanditas consultas.
4. O Concello de Porto do Son elaborou a proposta de Plan incluíndo o Informe de sustentabilidade ambiental (ISA), que foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación Municipal o 27.02.2012. Publicándose o seu anuncio no DOG nº 58, do 23.03.2012, e nos xornais *La Voz de Galicia* do 06 de marzo de 2012 *e El Correo Gallego* do 07 de marzo de 2012, e mantendo un período de participación pública e consultas entre o 23.03.2012 e o 23.05.2012.
5. O 08.11.2013 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a documentación do PXOM, para que se elabore, por parte deste órgano ambiental, a presente memoria ambiental (MA) debendo quedar reflectidas as súas determinacións no documento do Plan que se aprobe definitivamente.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación de determinados plans e programas no ambiente derivada da transposición á lexislación estatal da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ten por obxecto promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación de determinados instrumentos de planificación, como son os plans xerais de ordenación municipal, mediante a realización dun proceso de AAE.
2. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, indica no seu artigo 5.b) que os plans xerais de ordenación municipal serán en todo caso obxecto de AAE prevista na Lei 9/2006, do 28 de abril.
3. O Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo establece que a utilización do recurso solo debe facerse segundo o principio de desenvolvemento sostible, en virtude do cal se debe propiciar o uso racional dos recursos naturais harmonizando os requirimentos sociais, económicos e a protección do ambiente.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



4. Coa entrada en vigor da Lei 2/2010, do 25 de marzo, o procedemento de AAE pasa a constituír parte do propio proceso de tramitación do planeamento urbanístico, de conformidade co sinalado no artigo 7.1 da Lei 9/2006, do 28 de abril.
5. Coa entrada en vigor da Lei 2/2010, do 25 de marzo, o procedemento de AAE pasa a constituír parte do propio proceso de tramitación do planeamento urbanístico, de conformidade co sinalado no artigo 7.1 da Lei 9/2006, do 28 de abril. Así mesmo, a Lei 2/2010, do 25 de marzo, sinala no seu artigo 85.4, o deber de valorar por parte do órgano ambiental a vixencia do ISA no caso de que transcorresen tres anos ou máis dende que se emitiu o DR ata a chegada da documentación para Memoria ambiental (MA).
6. O Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, tendo a condición de órgano ambiental competente na Comunidade Autónoma de Galicia para a tramitación do procedemento de AAE, segundo o disposto no artigo 5 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Visto canto antecede, **RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar a memoria ambiental do *Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Porto do Son*, que se xunta.

**Segundo.-** Dar publicidade á presente Resolución no Diario Oficial de Galicia.

**Terceiro.-** Notificar esta Resolución ao Concello de Porto do Son, aos efectos oportunos.

O resultado do proceso de participación pública e consultas figura no anexo I.

Sen prexuízo dos deberes de publicidade que corresponden ao órgano promotor conforme ao artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, os documentos xerados durante a tramitación (Documento de inicio, DR e MA), permanecerán a disposición do público na web de avaliación ambiental estratéxica de plans da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental.

Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2013

**DILIXENCIA:** este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

Justo de Benito Basanta

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

# MEMORIA AMBIENTAL

## Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Porto do Son

## Índice

1. DESCRICIÓN DO PLAN
2. ANÁLISE DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E DA SÚA CALIDADE
3. AVALIACIÓN DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS
4. ANÁLISE DA PREVISIÓN DE EFECTOS SIGNIFICATIVOS DO PLAN
5. DETERMINACIÓNS FINAIS
6. MEDIDAS DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

ANEXO I.- RESULTADO DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

**DILIXENCIA:** este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

# 1. Descrición do Plan

O Concello de Porto do Son, cunha superficie de 94,6 km², pertence á comarca de Noia, situada na costa sur da provincia da Coruña. Porto do Son, limita ao sur co Concello de Ribeira, ao oeste cos de Pobra do Caramiñal, Boiro e Lousame, ao norte co de Noia e o oeste co Océano Atlántico.

Na actualidade, non conta con ningún **instrumento de ordenación** adaptado á normativa vixente, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas normas subsidiarias de planeamento municipal (NSP) aprobadas definitivamente o 27.10.1994.

A **proposta de ordenación** do PXOM contempla catro ámbitos de solo urbano: os núcleos de Porto do Son e Portosín, e dúas pequenas áreas de carácter industrial –unha fábrica de madeiras na parroquia de Miñortos e unha piscifactoría ao oeste do núcleo de Seráns-.

Para completar a malla urbana dos dous núcleos urbanos propóñense catro ámbitos de solo urbano non consolidado en cada un, que se desenvolverán mediante os seus respectivos Plans especiais de reforma interior (PERI).

O PXOM contempla tres Áreas de planeamento incorporado (API): o Plan Especial de Reforma Interior aprobado o 16.02.2006, que desenvolve as condicións urbanísticas da Unidade de Actuación Nº 2 delimitada polas NSP; o Estudo de Detalle "Finca Xesteira" aprobado o 30.12.1997; e o Plan Especial de Protección do Castro de Baroña aprobado o 27.12.2010.

En canto ao **solo urbanizable**, propóñense cinco ámbitos de solo urbanizable delimitado (catro residenciais -dous contiguos ao solo urbano en Portosín e dous contiguos ao solo urbano en Porto do Son- e un de carácter industrial na parroquia de Nebra):

- O sector SU-R-02 Campanario localizase contiguo ao solo urbano de Portosín e ocupa unha superficie de 19.206 m$^2$ e, xunto coa APR-1-01, aparecería recollido polo Plan Sectorial de Vivenda. O seu desenvolvemento ten por obxecto conectar o núcleo coa Ronda de Portosín, así como aumentar a malla urbana de Portosín propoñendo unha vivenda colectiva en bloque.
- O sector SU-R-03 Campanario II, ao sur do SU-R-02, conta cunha extensión de 78.144 m$^2$ e persegue a integración da Ronda de Portosín e o aumento da malla urbana de Portosín, completando o tramado edificatorio con vivenda colectiva en bloque.
- O desenvolvemento residencial SU-R-05 Laxieles (58.275.m$^2$) ao nordeste do núcleo de Porto do Son busca integrar a Ronda de Porto do Son e a extensión da malla urbana.
- O cuarto sector residencial previsto (SU-R-R06 Xio 1) trátase dun solo urbanizable delimitado de 43.305m$^2$ que se localiza ao oeste da vila de Porto do Son (contiguo ao SU-R-05). Este novo desenvolvemento integrará a Ronda de Porto do Son e rematará e aumentará a extensión da malla urbana.
- O ámbito industrial SU-I-01 abrangue unha superficie de 243.546m$^2$ e localízase na parroquia de Nebra. O seu emprazamento coincidiría co do polígono industrial contemplado para o Concello no Plan Sectorial de Ordenación de Areas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia (actualmente en tramitación).

No tocante aos **núcleos rurais**, o PXOM identifica e delimita 136 núcleos, dos cales 49 serían histórico-tradicionais, 34 comúns e os restantes 53, complexos.

Na táboa seguinte, extraída do anexo I da *Memoria de Ordenación*, recóllese un resumo das superficies ocupadas polas diferentes categorías do solo, así como a porcentaxe que representa esta dentro da superficie total do Concello:

| Clase de solo | Superficie (ha) | % |
|---|---|---|
| Solo urbano consolidado | 84,61 | 0,89 |
| Solo urbano non consolidado | 6,09 | 0,06 |
| **Total solo urbano** | **90,70** | **0,96** |
| Solo urbanizable delimitado | 44,25 | 0,47 |
| **Total solo urbanizable** | **44,25** | **0,47** |
| Solo núcleo rural común | 476,06 | 5,02 |
| Solo núcleo rural tradicional | 209,07 | 2,21 |
| **Total solo núcleo rural** | **685,13** | **7,23** |
| Solo rústico de protección agropecuaria | 1311,59 | 13,83 |
| Solo rústico de protección forestal | 5376,85 | 56,71 |
| Solo rústico de protección de infraestruturas | 460,33 | 4,86 |
| Solo rústico de protección de costas | 781,84 | 8,25 |
| Solo rústico de protección de espazos naturais | 617,69 | 6,51 |
| Solo rústico de protección paisaxística | 592,01 | 6,24 |
| Solo rústico de protección de augas | 724,55 | 7,64 |
| Solo rústico de protección do patrimonio | 149,55 | 1,58 |
| Solo rústico de protección ordinaria | 107,89 | 1,14 |
| **Total solo rústico** | **8.661,40** | **91,35** |
| **Total municipal** | **9.481,48** | **100** |

Delimítanse oito áreas que serán obxecto dun plan especial de protección: o casco histórico da vila de Porto do Son e o núcleo tradicional do Outeiro, que serán obxecto dun Plan especial de protección de reforma interior (PEPRI-01 e PEPRI-02); os portos de Portosín e Porto do Son e unha instalación portuaria en Punta Boa (norte do Concello), para os que se desenvolverán cadanseu Plan especial de espazos portuarios (PEPT-01, PEPT-02 e PEPT-03); así como tres plans espaciais de zonas libres – dous en Portosín (PEZL-01 e PEZL-02) e un en Porto do Son (PEZL-03).

Respecto á creación de nova **vivenda**, na delimitación que se fai dos asentamentos de poboación se prevé incrementar a capacidade residencial en 3.084 vivendas que, segundo a información aportada (apartado *5.5.3.1.* da *Memoria de ordenación*), se distribuirán nos diferentes tipos de solos a razón de: 758 en solo urbano consolidado, 184 en solo urbano non consolidado, 571 en solo urbanizable delimitado e 1.571 en solo de núcleo rural.

## 2. Análise do informe de sustentabilidade ambiental e da súa calidade

Como introdución deste apartado, cómpre sinalar que con data do 18.05.2012, tras a aprobación inicial do PXOM, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu un **informe sobre a calidade do ISA** no que se recollían unha serie de observacións sobre a súa estrutura e contido que tiñan que ser incluídas no documento elaborado para a aprobación inicial ou mediante un anexo a el, e remitidas ao órgano ambiental xunto co documento definitivo.

Con isto e tras analizar a documentación aportada para esta fase, hai que indicar que, a pesares de que en moitos casos se inclúen as indicacións realizadas no informe, non é así na totalidade do documento. Polo tanto, a continuación faise unha análise máis en detalle de cada un dos apartados que conforman o ISA, valorando tanto a integración das determinacións do informe como a coherencia cos criterios establecidos no DR.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás observacións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

***Análise dos condicionantes previos no ámbito de influencia.***

Esta análise desenvólvese no ISA baixo en dous apartados: *2 Determinación do ámbito de influencia do planeamento* e *3 Análise obxectiva da situación actual.*

O ISA identifica, por unha banda, o ámbito de actuación do PXOM, que será municipal, e por outra, o seu ámbito de influencia. Establece unha área de influencia comarcal no tocante ao marco administrativo, mentres que a nivel xeográfico o ámbito viría delimitado pola serra do Barbanza, as rías baixas e a ría de Muros-Noia.

O apartado da **análise obxectiva da contorna** contén unha descrición dos elementos físicos e naturais do medio, do patrimonio cultural, das características socioeconómicas, da paisaxe e das infraestruturas e servizos. Nel tamén se identifican os elementos estratéxicos do territorio e os plans e programas relacionados co PXOM.

A análise do medio realizada recolle axeitadamente os principais condicionantes ambientais, como son os espazos e elementos naturais presentes no Concello, así como as especies de flora e fauna.

No referente aos **espazos naturais**, o ISA contempla a Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia (actualmente en tramitación) que prevé unha ampliación do Lugar de importancia comunitaria (LIC) do Complexo Húmido de Corrubedo (ES1110006). Por contra, o plano que recolle estes espazos (ISA-06 Unidades da Paisaxe) non reflicte esta ampliación.

O plano de **hábitats** (ISA-08) representa as teselas delimitadas polo "Atlas de los hábitats naturales y seminaturales de España" recollendo os códigos dos hábitats presentes en cada unha delas e facendo indicación dos que teñen carácter prioritario, así como a porcentaxe da superficie ocupada por cada un. En dúas das teselas que conteñen o hábitat 304012 non queda reflectido que este sexa de carácter prioritario, se ben, na proposta de ordenación ambos espazos quedan recollidos nalgunha categoría de solo rústico de protección.

O estudo do **medio socioeconómico** describe sinteticamente a demografía e as actividades económicas, define os asentamentos de poboación e os usos do solo no Concello. Segundo o requirido no informe de calidade do ISA, indícase a fonte (IGE) e o ano (2009) dos datos aportados. Se ben, habida conta que a data de realización do ISA é de xullo de 2013, considérase que a información non están suficientemente actualizada. Neste sentido, recordar a importancia de realizar a análise con datos actualizados que permitan facer unha valoración real da situación actual do Concello, de cara a planificar en consecuencia.

O **estudo da paisaxe** elaborado recolle as unidades paisaxísticas do Plan de ordenación do litoral (POL) e divide o Concello en sete cuncas visuais que contan coa súa respectiva descrición. O documento analiza a fraxilidade paisaxística intrínseca e extrínseca (exposición visual) do territorio. Para valorar a fraxilidade intrínseca considera, por unha banda, o relevo (altitude, pendente e orientación) e por outra, a vexetación e usos do solo. A fraxilidade extrínseca realizouse avaliando a visibilidade global do Concello dende diferentes puntos de observación. O estudo realizado adaptouse parcialmente ás consideracións realizadas a este respecto no informe de calidade do ISA, así, estimouse a fraxilidade pero por contra a calidade visual non foi analizada. Considérase que a análise da fraxilidade realizada é correcta, se ben compre sinalar que, por unha banda, o mapa que recolle a fraxilidade intrínseca global semella reflectir valores mais baixos dos que en teoría resultarían de cruzar o mapa de fraxilidade por relevo e o mapa de fraxilidade por usos e vexetación, segundo a táboa aportada na páxina 39 do ISA. Por outra banda, bótase en falta que o mapa da fraxilidade global non fora trasladado á cartografía do ISA, incorporando a representación dos desenvolvementos propostos, de xeito que puidera valorarse a súa integración no territorio.

No tocante aos **riscos** presentes no Concello(apartado 3.1.1.7 do ISA), a análise realizada é moi superficial, só contempla o risco de incendio e os de erosión e degradación de solos por pendentes maiores do 20%. O plano de riscos (ISA-9) recolle, ademais dos dous anteriores, as faias xeolóxicas e as zonas con risco de asolagamento asociadas ás chairas de asolagamento.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

No relativo ao **risco de asolagamento**, o documento sinala que na actualidade o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC) non ten risco de asolagamento para o Concello. Compre indicar que o PHGC ten identificadas en Porto do Son doce áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI). Once destas áreas están asociadas a cursos fluviais, as cales poden considerarse analizadas polo ISA ao ser identificadas no plano de riscos áreas inundables en todos eles. Se ben a ARPSI ES014-CO-06-01-32-C (Porto do Son), de carácter mareal, non foi considerada.

O ISA non identifica os **riscos tecnolóxicos** (principais fontes de contaminación físico–química, acústica, luminosa e electromagnética) no ámbito do planeamento.

A información recollida no ISA no tocante ás infraestruturas e servizos (mobilidade, abastecemento, saneamento, xestión de residuos) considérase axeitado, permitindo coñecer a situación actual do Concello, previa a planificación.

O ISA identifica e analiza a compatibilidade do PXOM cunha serie de **plans, programas e proxectos** con afección no ámbito do Concello, entre os que destacan o POL e as DOT, así como co planeamento dos Concellos limítrofes (Boiro, Lousame, Noia, Pobra do Caramiñal e Ribeira), adaptando deste xeito as consideración recollidas no informe de calidade do ISA.

### *Obxectivos*

O ISA recolle unha serie de obxectivos xerais e ambientais. Os obxectivos xerais establécense a tres niveis: os que a lei establece para a actividade urbanística, aqueles que nacen da análise do Concello e da súa contorna, e uns específicos que se corresponden cos criterios de sustentabilidade establecidos no DR.

Os obxectivos ambientais divídense en dous tipos: uns de carácter xeral –baseados na normativa e na lexislación xeral e sectorial-, e outros mais concretos -baseados nas potencialidade e problemas do Concello- para os que se elaboran propostas especificas.

### *Análise das alternativas*

O documento describe tres alternativas de planeamento: a alternativa "0" ou de non desenvolvemento do Plan xeral e as alternativa 1 e 2.

Segundo a táboa do apartado 5.2 Cuantificación das alternativas, as principais diferenzas entre as alternativas 1 e 2 radicarían en que a primeira cualifica unha superficie maior de solo urbano, de solo de núcleo rural e de solo urbanizable, reducindo, en consecuencia, a porcentaxe de solo rústico. A alternativa 2, non consideraría a proposta dunha vía de alta capacidade ao longo de todo o Concello para unir as poboacións de Noia e Ribeira contemplada pola primeira alternativa.

A avaliación das tres alternativas realizase mediante unha matriz na que se analiza e valora integración de cada unha delas sobre os criterios de sustentabilidade. A valoración realizase asignándolle a cada alternativa un valor de cero a cinco, resultando a alternativa "2" a mellor valorada.

En relación con este apartado, incidir no sinalado no informe sobre a calidade do ISA en canto a que o sistema de valoración de alternativas non se considera axeitado. Por unha banda, non se xustifican os valores asignados a cada un dos criterios de sustentabilidade, e por outra, na táboa resumo do apartado 5.3 -na que se expón unha comparativa por variable das alternativas- non contempla a alternativa cero.

Compre salientar que na táboa do apartado 5.2 do ISA na que se recollen as superficies de cada clase de solo da alternativa seleccionada non se corresponden coas da proposta de ordenación recollida na *Memoria de ordenación*. Considerando que o plano da alternativa 2 (ISA-9) si coincide coa proposta de clasificación contemplada na *Memoria de ordenación*, haberá de clarexarse se a información da antedita táboa non está actualizada ou se as modificacións levadas a cabo sobre a proposta de ordenación do documento de aprobación inicial do Plan non foron trasladadas ao ISA.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio de data
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

### *Análise dos efectos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e o deseño de medidas*

No tocante a **identificación de efectos**, o documento analiza cada unha das variables descritas no DR, identificando os posibles efectos que o Plan pode producir sobre elas. A súa caracterización realízase en base á probabilidade, prazo/duración, frecuencia, reversibilidade, magnitude, alcance espacial, risco para a saúde humana, risco para o medio ambiente, valor da área, vulnerabilidade da área, efecto secundario, efecto acumulativo, efecto sinérxico, permanencia e natureza (signo); establecendo tres tramos de valor par acada un (inferior, medio e superior).

Dentro do apartado 6.4, o ISA analiza a **capacidade de acollida** do territorio para albergar os novos desenvolvementos. Considerando unha serie de restricións (servidume de protección, límite do Concello, unha franxa de 25 metros ás marxes dos ríos, espazos naturais protexidos –rede natura- e a franxa de protección dos xacementos arqueolóxicos) e uns factores condicionantes (distancia as vías de comunicación, distancia a rede hidrográfica, valoración das pendentes, distancia ao solo urbano, distancia aos asentamento residenciais a teito de planeamento -para solo industrial-, distancia a liña de ribeira do mar, consideración dos usos actuais do solo, distancia aos xacementos) analiza a capacidade do territorio para acoller os urbanizables residenciais e industriais. Indica que todos os residenciais posuirán un impacto compatible, mentres que para o industrial sería moderado.

No tocante ao **deseño de medidas**, presenta unhas fichas dos ámbitos urbanizables nas que recolle unha serie de medidas particulares no tocante á hidroloxía, topografía e paisaxe. Completa este apartado cunha serie de medidas correctoras xenéricas a aplicar dirante as fases de execución e funcionamento, así como cunha táboa na que asocia cada un dos efectos negativos identificados previamente coa súa medida, facendo indicación do punto da normativa onde foi trasladada.

O desenvolvemento deste apartado considérase axeitado, adecuándose ás consideracións realizadas no informe de calidade do ISA, se ben bótase en falta o establecemento de medidas potenciadoras dos efectos positivos.

### *Plan de seguimento*

Considérase que, de forma xeral, o plan de seguimento do PXOM se adecúa ao solicitado no DR en tanto que se definiron unha serie de indicadores para o seu seguimento e se considerou a participación do órgano ambiental. Analízase a evolución de todas as variables de sustentabilidade recollidas no DR (paisaxe, natureza, patrimonio, sociedade, economía, medio urbano, medio rural, medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclo de materiais, solo, edificacións e riscos naturais e tecnolóxicos), incluíndo valores de referencia para a moitos dos indicadores.

No tocante a periodicidade na emisión dos informes, indícase que será anual. A este respecto, sinalar que á vista das actuacións que se promoven e á programación temporal do Plan a periodicidade para remitir ao órgano ambiental os informes do seguimento, nos que se reflictan os datos obtidos nos indicadores coa súa correspondente valoración, farase en función da programación temporal proposta polo Plan (cada catro anos), se ben, a toma de datos deberá realizarse anualmente.

### *Viabilidade económica da alternativa seleccionada*

O ISA presenta un estudo da viabilidade económica das alternativas 1 e 2. Sinala que para a alternativa 1 o custo total será de 111 millóns de euros, que se repartirán entre o Concello (16,95%), outras administracións (56,56%) e financiamento privado (26,49%). Mentres que para a alternativa 2 (seleccionada) o custo total sería de 100 millóns de euros e o seu reparto quedaría do seguinte xeito: 15,74% para o Concello, 54,81% para outras administracións e o 29,45% contaría con financiamento privado.

Conclúe que para as dúas alternativas o custo ao que deberá facer fronte o Concello será perfectamente asumible á vez que razoable, polo que o plan será sustentable economicamente a tódolos efectos.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas na Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fonte Vaulet

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016
O secretario,
Asdo. José Manuel González García

No tocante ao custos do plan de seguimento fixa un orzamento anual de 25.000€, mentres que para as medidas sinala que no importe das actuacións propostas se inclúe xa a valoración dos traballos necesarios para definir e executar aquelas de tipo corrector. Na páxina 170 do ISA faise mención a un cadro no que quedarían reflectidos os custes para cada actuación, no entanto este cadro non figura no estudo da viabilidade económica.

***Análise da coherencia***

O documento analiza a coherencia interna e externa do Plan. A análise da externa preséntase como una anexo ao ISA (Adaptación DOT-POL) que contén unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) proposta nas DOT, na que se avalía o grao de compatibilidade do Plan coas DOT e o POL. Se ben, a análise de coherencia externa considérase axeitado, este apartado non se adaptou completamente ao sinalado no informe de calidade do ISA xa que a análise de coherencia interna é incompleta ao non analizarse a coherencia dos obxectivos xerais do PXOM.

***Resumo non técnico***

Este apartado adecúase ao indicado no DR. Contén unha síntese de todos os apartados que compoñen o ISA e está redactado nunha linguaxe non técnica que facilita a súa comprensión.

# 3. Avaliación do proceso de participación pública e consultas

O Concello de Porto do Son aprobou inicialmente o seu PXOM con data do 27.02.2012, documento que se someteu ao trámite de información pública e consultas polo prazo de dous meses, de acordo co artigo 85.2 da LOUG, tras a súa publicación no DOG Num. 58, do 23.03.2012e nos xornais *La Voz de Galicia* do 06 de marzo de 2012 *e El Correo Gallego* do 07 de marzo de 2012.

Durante o período que estivo exposto o documento de aprobación inicial do Plan, recibíronse informes das Administracións públicas consultadas e 791 alegacións de particulares, referidas estas últimas a cambios na clasificación do solo para incluír parcelas lindeiras aos núcleos urbanos e rurais e en menor medida ao trazado da nova variante de Portosín ou ao emprazamento do novo parque empresarial.

| INFORMES SOLICITADOS | | | |
|---|---|---|---|
| Administracións públicas. Organismo | | Solicitude | Resposta |
| Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas | Dirección Xeral de Conservación da Natureza | 29/03/2012 | 30/04/2013 |
| | Augas de Galicia | 29/03/2012<br>19/04/2013 | 07/06/2012<br>01/08/2013 |
| | Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. | 29/03/2012 | 07/02/2013 |
| | Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental | 29/03/2012 | 10/05/2012 |
| | Axencia Galega de Infraestruturas | 29/03/2012<br>31/05/2013<br>01/08/2013 | 22/08/2012<br><br>07/10/2013 |
| Consellería de Facenda | Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio | 28/03/2012 | 21/05/2012 |
| Deputación de A Coruña | Patrimonio | 28/03/2012 | 28/06/2012 |
| | Estradas | 29/03/2012 | 28/06/2012 |

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

| INFORMES SOLICITADOS | | | |
|---|---|---|---|
| Administracións públicas. Organismo | | Solicitude | Resposta |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | Dirección Xeral do Patrimonio Cultural | 29/03/2012 | 28/09/2012<br>18/10/2013 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes | 29/03/2012 | 25/04/2012 |
| | Portos de Galicia | 29/03/2012<br>17/04/2013<br>23/10/2013 | 01/08/2012<br>29/09/2013<br>30/10/2013 |
| | Bantegal | 28/03/2012 | |
| Subdelegación do Goberno na Coruña. | Área de industria e enerxía | 28/03/2012 | 27/04/2012 |
| Delegación de Economía e Industria | Rexistro Mineiro | 28/03/2012 | |
| Ministerio de Defensa | Área de Patrimonio | 28/03/2012 | 13/07/2012 |
| Ministerio de Facenda e as Administracións Públicas | Xerencia Rexional do Catastro | 28/03/2012 | |
| Ministerio de Fomento | Área de Fomento | 28/03/2012 | |
| | Dirección Xeral de Aviación Civil | 28/03/2012 | 23/08/2012 |
| Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente | | 28/03/2012 | 29/05/2012 |
| Concello de Ribeira | | 15/03/2012 | |
| Concello de Lousame | | 15/03/2012 | |
| Concello de Noia | | 15/03/2012 | 10/04/2012 |
| Concello de Boiro | | 15/03/2012 | |
| Concello da Pobra do Caramiñal | | 15/03/2012 | |

Á vista do anterior, considérase que o proceso de participación pública e consultas axústase ao establecido polo procedemento de AAE no DR en canto a prazos e consultas ás Administracións públicas, así como en canto aos medios de difusión para o trámite de información pública de acordo co artigo 85.2 da LOUG.

Respecto aos informes e alegacións recibidas durante este período, o promotor elabora un documento no que queda resumido o contido de cada un dos informes coa resposta de como se integra no Plan. Sinalar que no punto 1 do antedito documento figura solicitude de informe ao Banco de Terras de Galicia, ao Rexistro Mineiro e a Xerencia Rexional do Catastro, se ben non se xunta xustificación de ditas solicitudes. Tampouco se aportou a xustificación de solicitudes de informes ou envío de separatas a Axencia Galega de Infraestruturas, Portos de Galicia e Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. No entanto, como en estes casos se obtivo resposta enténdese que esta foi tramitada.

Por outra banda, non se fai referencia nin se xunta a segunda comunicación feita polo Concello o 17/04/2013 a Portos de Galicia nin a posterior resposta ao Concello do 25/09/2013.

En relación coas alegacións de particulares, sinálase que foron estimadas un total de 489, sendo as 302 restantes desestimadas ou consideradas irresolubles.

No anexo I da presente MA, recóllese o resumo dos informes sectoriais recibidos e das alegacións presentadas, así como as consideracións e valoracións realizadas polo órgano promotor.

## 4. Análise da previsión de efectos significativos do Plan

A continuación avalíase a integración dos criterios ambientais no planeamento para cada unha das variables afectadas, establecéndose as consideracións necesarias, as cales derivan, no seu caso, en

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita as condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

determinacións ambientais para garantir un desenvolvemento sustentable e acorde cos obxectivos do Plan.

**Paisaxe**

A análise desta variable lévase a cabo nos apartados 3.1.4, 3.1.5 e 3.1.6 do ISA. Neles identificouse as unidades paisaxísticas do POL, dividiuse o Concello en sete cuncas visuais e analizouse a fraxilidade do territorio.

No tocante a fraxilidade intrínseca, considérase que o tratamento que fai o documento é axeitado en tanto se tiveron en conta os principais condicionantes do medio. Para a fraxilidade extrínseca (estudo de intervisivilidade) o ISA considerou os principais puntos de observación do territorio -dentro do propio Concello e fora del- para establecer aquelas áreas máis visibles.

No tocante ao mapa de fraxilidade global –resultado da combinación da intrínseca e da extrínseca-, bótase en falta que non fora trasladado á cartografía do Plan, incorporando a representación dos desenvolvementos propostos.

Para esta variable, en coherencia cos efectos identificados, deseñáronse unha serie de medidas de cara á favorecer a integración paisaxística das actuacións. Para os ámbitos urbanizables residenciais situados a menos de 500 metros da costa e para o urbanizable industrial, estableceuse como medida a elaboración dun "Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP)", dándoselle traslado ás fichas urbanísticas e á normativa do Plan.

**Natureza**

Para a consideración desta variable no planeamento realizouse unha descrición do medio na que se recollen as principais características físicas e naturais do territorio municipal. Nela recóllense os aspectos relacionados coa biodiversidade, os espazos naturais protexidos, os elementos de interese natural e paisaxístico, así como a vexetación e a fauna.

De acordo co **informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza,** o Plan recolle baixo a categoría de solo rústico de protección dos espazos naturais os espazos da Rede Natura 2000 (LIC-ZEPVN do Complexo Húmido de Corrubedo e LIC-ZEPVN Esteiro do Tambre) e a maior parte das teselas do "Atlas de los hábitats naturales y seminaturales de España" que albergan hábitats prioritarios. Os restantes espazos naturais (espazos de interese natural e corredores do POL, humidais recollidos polo Inventario dos Humidais de Galicia...) aparecen maioritariamente recollidos baixo algunha outra categoría de solo rústico, o cal é garantía para a súa conservación e favorece a conectividade ecolóxica no municipio, dando cumprimento da determinación 7.2.2 das DOT.

No tocante á **afección da proposta de ordenación aos valores naturais** faise preciso facer as seguintes observacións:

- O Plan non delimita como solo rústico de protección de espazos naturais a proposta de ampliación da Rede Natura, cuxa área aparece recollida maioritariamente noutras categorías de solo rústico. Os núcleos rurais de Abuín (NR-058), Basoñas, (NR-125) e Seráns (NR-126) terían parte do seu solo común afectado pola nova delimitación. Así, segundo o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, deberá integrarse a ampliación da Rede Natura no caso de que se aprobe nos termos actuais.
- A delimitación proposta para varios núcleos rurais afectaría a áreas con potencial presenza de hábitats prioritarios segundo o "Atlas de los hábitats naturales y seminaturales de España":
    - NR-001 e NR-004 con afección á tesela 44109 co hábitat prioritario 4030* (Queirogais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*).

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planeamento Urbanístico II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016
O secretario,
Asdo. José Manuel González García

- NR-021 con afección á tesela 46061, que contén os hábitats prioritarios 91E0* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*) e 2130* (Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea).
- NR-031 e NR-032 con afección á tesela 46437, que contería os hábitats prioritarios 4040* (Queirogais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*) e 2130* (Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea).
- NR-032 con afección á tesela 46540 cos hábitats prioritario 91E0* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*).
- NR-079 con afección á tesela 49275 cos hábitats prioritarios 4040* (Queirogais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*) e 2130* (Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea).

– Dentro do perímetro do núcleos rurais de Cabeiro (NR -031) e As Chamosas-Tarrio-Nadelas (NR-079) localízanse, respectivamente, os humidais de Embornas e de Trasdunas de Queiruga, recollidos polo Inventario de Humidais de Galicia.
Segundo a ficha do núcleo NR-079, a zona húmida quedaría recollida dentro do sistema de espazos libres. No entanto, para o humidal de Embornas non se contempla ningunha medida de conservación.

– O LIC do Complexo Húmido de Corrubedo está afectado pola delimitación de solo común dos núcleos rurais NR-079, NR-113, NR-116, NR-117 e NR-135.

– O sector de solo urbanizable SURB-R-03, así como a área de planeamento incorporado API-02 e a área de planeamento remitido APR-1-04 estarían dentro da delimitación dalgún Corredor ecolóxico do POL.
No conxunto de medidas propostas recóllese a integración do corredor ecolóxico que atravesa o sector SURB-R-03. Para os ámbitos APR-1-04 e API-02, segundo os planos de ordenación, o corredor quedaría dentro do sistema de espazos verdes L-054.

– A delimitación dos núcleos rurais NR-030, NR-061, NR-122 e NR-136 está afectada por varios Espazos interese natural identificados polo POL.

## Patrimonio

O documento do Catálogo enumera e describe individualmente os elementos patrimoniais existentes no concello, tanto no eido arqueolóxico, arquitectónico –arquitectura civil, industrial e relixiosa-, etnográfico- fontes, lavadoiros, hórreos e cruceiros– e conxuntos históricos.

A ordenación proposta recolle fundamentalmente dentro da categoría de solo rústico de protección do patrimonio as zonas con interese de orixe arqueolóxico, artístico ou histórico identificados no Catálogo, contemplando as súas respectivas zonas de afección.

O PXOM incorpora o Plan Especial de Protección do Castro de Baroña como unha área de planeamento incorporado (API-03).

## Sociedade e economía

Os datos demográficos recollidos no Plan posúen diferentes referencias temporais segundo o documento que se analice. Deste xeito, a análise demográfica feita no ISA (páx.21) emprega datos do ano 2009 e indica que o Concello conta cunha poboación de 9.867 habitantes, mentres na *Memoria* de ordenación emprégase unha escala temporal ata o ano 2011 (páx. 100). Se ben todos os datos citados correspóndense cos recollidos polo IGE, os diferentes documentos do Plan deberán unificar o seu contido, contemplando os datos mais recentes.

O documento analiza para o horizonte de vixencia do Plan (20 anos) as necesidades residencias do Concello en base á tendencia poboacional dos últimos anos –regresiva-, o incremento de poboación

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola orde da Conselleria de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DE ASÍS A COMPOSTELA 1214-2014

motivada pola xeración de emprego polo desenvolvemento do PXOM, ás necesidades de segunda residencia e ao incremento do parque de vivendas nos últimos anos. A pesar de que previsións de creación de emprego e que as necesidades de segunda residencia parecen lixeiramente optimistas, pódese considerar axeitado o análise realizada.

O desenvolvemento industrial previsto quedaría debidamente xustificado en canto a que é unha actuación contemplada polo Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia.

No tocante á integración social e mellora na calidade de vida, o PXOM prevé melloras nas redes de saneamento e abastecemento, a ampliación do sistema de zonas verdes e espazos libres e a ampliación e creación de novos equipamentos asistenciais, deportivos, administrativos e de cemiterios.

Identificáronse os efectos -todos positivos- que se van producir sobre estas variables e que derivarán principalmente da creación do solo industrial.

**Modelo territorial (Medio urbano, rural e industrial)**

No ISA sinálase que as afeccións sobre o solo están provocadas pola perda de solo natural (agrícola e forestal), que será ocupado polo novos crecementos urbanísticos (tanto os solos urbanos non consolidados, como as ampliacións de núcleos rurais e fundamentalmente os solos urbanizables). Como efectos positivos destaca á recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais, produtivos, agrogandeiros, paisaxísticos e turísticos, ao se clasificados como solo rústico especialmente protexido.

Recóllense na normativa medidas para controlar e limitar os efectos da ordenación sobre a topografía, obrigando a adaptar o deseño da ordenación á topografía e ás preexistencias xeográficas (artigo 5.4.14), evitando extensas explanacións do terreo e grandes movementos de terras (artigo 5.3.2).

O PXOM xustifica o dimensionamento da capacidade residencial do Concello en función das expectativas de crecemento poboacional -derivado do crecemento económico agardado- e da necesidade de vivenda de segunda residencia dado o carácter turístico do Concello. Establece unha capacidade máxima de 9.962 vivendas. Esta previsión supón incrementar o parque de vivendas no período de vixencia do PXOM en 3.084 –758 no solo urbano consolidado, 184 en solo urbano non consolidado, 571 en solo urbanizable e 1.571 en solo de núcleo rural–.

En relación aos efectos que se van producir sobre as edificación, sinala que serán o aumento de vivendas e instalacións dotacionais. Como medidas contempla aquelas relacionadas co consumo racional e o aforro de recursos limitados (auga e enerxía), a racionalización do tratamento dos residuos e o emprego de materiais e o control dos diversos tipos de contaminación que poden producir as edificacións.

En canto ao modelo urbanístico proposto, de acordo co exposto no apartado 1 desta MA, o PXOM clasifica como solo urbano os núcleos de Porto do Son e Portosín, así como unha zona ocupada por unha fábrica de madeiras na parroquia de Miñortos. Nos baleiros dos núcleos urbanos propón 8 polígonos de solo urbano non consolidado -4 en Porto do Son en 4 en Portosín- que abranguen unha extensión total de 6,09 ha e que presentan como obxectivo principal completar e axustar a malla urbana.

Como desenvolvementos residenciais delimita catro sectores: o sector R-02 (19.206 $m^2$) e R-03 (78.144 $m^2$) -contiguos ao solo urbano de Portosín- e os R-05 (58.275$m^2$) e R-06 (43.305 $m^2$) -contiguos ao solo urbano de Porto do Son-.

A novo desenvolvemento industrial I-01 (243.546 $m^2$) trátase dunha actuación contemplada polo Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do Servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

En relación a este modelo, salientar que, de forma xeral, os ámbitos a desenvolver son contiguos ás tramas existentes, a excepción do sector industrial, localizado entre os vilas de Porto do Son e Portosín e que pretende ordenar a dispersión de usos produtivos dispersos ao longo do Concello.

No tocante as afeccións dos novos desenvolvementos compre analizar as relativas ás áreas do POL:

- O polígono de solo urbano non consolidado APR-2-01 ocupa unha área cualificada polo POL como de mellora ambiental e paisaxística, presentando ademais un grao de compatibilidade 3. A antedita área correspóndese coa delimitación das NSP para a unidade de actuación (U.A.) 6.
- Os sectores A.U.7 e A.U.8 das NSP contan igualmente cun grao de compatibilidade 3. O PXOM intégraos no solo urbano consolidado de Porto do Son. O primeiro formará parte dun Plan especial de protección de reforma interior (PEPRI-01), mentres que o segundo quedaría nunha área con ordenanza 5 (edificación residencial en tramas de orixe rural).
- Os ámbitos de solo urbanizable residencial SU-R-05 e SU-R-06 integran, respectivamente, os sectores de solo apto para urbanizar SAU-5 e SAU-06 (parte) das NSP. Ambos ámbitos contan cun grao compatibilidade 4 segundo o POL.
- O SU-R-02 e SU-R-03 integran, respectivamente, os sectores SAU-5 e SAU-06 (parte) das NSP. Ambos ámbitos contan cun grao compatibilidade 4 segundo o POL, ademais de estar afectados pola área de mellora ambiental e paisaxística.
- Respecto da delimitación dos núcleos rurais recollida polo planeamento vixente (NSP), o PXOM contempla a ampliación de varios deles cuxa zona ampliada estaría en zona de protección costeira ou/e area de mellora ambiental e paisaxística.
    i. No tocante a área de mellora ambiental e paisaxística, os seguintes núcleos supoñen crecementos cara a costa, contradicindo as determinacións do POL: NR-002, NR-004, NR-014, NR-013, NR-020, NR-023, NR-030, NR-032, NR-056, NR-073, NR-053, NR-074, NR-078, NR-098, NR-100, NR-103, NR-103, NR-125 e NR-126.
    ii. A área de ampliación dos núcleos NR-004, NR-021, NR-053, NR-057, NR-058, NR-073, NR-079, NR-113, NR-117 e NR-135 permitiría desenvolvementos urbanísticos en área de Protección Costeira, o cal vai en contra do establecido no artigo 63º do POL.

Nas fichas dos sectores queda contemplado que os plans que os desenvolvan deberán comprobar as afeccións e considerar as determinacións ou condicionantes que podan establecer, entro outros, o POL e as DOT. No entanto, para os núcleos rurais non se recolle ningunha consideración.

## Mobilidade

O Plan analiza esta variable en diferentes apartados do ISA, da *Memoria de ordenación* e da *Memoria informativa*. Identifícanse as principais vías de comunicación do Concello e presenta un estudo de demanda baseado na "Enquisa domiciliaria de mobilidade" elaborada pola Xunta no ano 2006 no marco do Plan Integral de Transportes de Galicia (PITGAL).

Conclúe que a actual rede presenta limitacións nas vías de entrada aos núcleos de Porto do Son e Portosín, así como na accesibilidade ás zonas rurais.

As principais actuacións contempladas polo PXOM céntranse na creación dunha estrada de circunvalación (rolda) nos dous núcleos urbanos que os conecte cos novos desenvolvementos, tanto cos residenciais como co industrial.

No apartado do ISA correspondente a identificación dos elementos estratéxicos do territorio, establécense como propostas principais vertebrar o novo desenvolvemento urbanístico industrial; manter e mellorar as conexións; necesidade de potenciar o transporte colectivo e reducir as necesidades de mobilidade motorizada.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente, con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo ... Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

A única medida recollida polo ISA para a mobilidade está relacionada coa promoción de alternativas viarias non motorizadas (peonís e bicicleta), por contra, o conxunto de medidas recollidas na *Normativa* céntranse unicamente en aspectos relacionados coa accesibilidade e cumprimento de normativa.

A análise desta variable non se considera axeitado xa que o estudo de mobilidade realizado (PITGAL) non contén unha estimación das necesidades de mobilidade que xerarán os desenvolvementos propostos, co fin poder dimensionar en consecuencia as novas infraestruturas propostas.

Polo tanto, para poder considerar correctamente integrados os criterios do DR terán que identificarse os efectos derivados do conxunto de actuacións propostas e deseñarse medidas que contribúan a minimizalos. En cumprimento da determinación 3.1.5 b) das DOT, o planeamento deberá elaborar unha análise das necesidades de mobilidade derivadas dos novos desenvolvementos, dende e cara eles, considerando para elo diferentes modos de transporte sustentable (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.) en función das súas características e necesidades. A análise deberá ter en conta aspectos como a contribución á minorización do gasto enerxético, a mellora da calidade atmosférica, a maximización da eficiencia e calidade do desprazamento, o aproveitamento de viarios existentes, a conectividade con elementos de interese, etc.

**Enerxía**

O Plan identifica a rede eléctrica do Concello, recollendo a rede de subministración de media e alta tensión. No tocante ás fontes de enerxía renovables, sinálase a existencia de dous parques eólicos no Concello e no veciño concello da Pobra do Caramiñal (Parque Eólico Barbanza I e Barbanza II). Por contra, no ISA non se fai mención ao Parque Eólico de Graiade. Na clasificación urbanística delimitouse como solo rústico de protección de infraestruturas o trazado das liñas de alta tensión e as liñas de evacuación e aeroxeneradores do PE de Graiade, no entanto os PE de Barbanza I e II non foron recollidos nesta categoría. Ao respecto da clasificación urbanística do solo rústico de protección de infraestruturas cómpre lembrar que a modificación do Plan sectorial eólico (DOG nº2 do 03.01.2003) restrinxiu a superficie susceptible de modificación por parte do planeamento urbanístico, como consecuencia da implantación dun proxecto sectorial, á área exactamente vinculada ao parque eólico, onde as dimensións da afección irán en función de cada elemento do parque, debendo sinalarse para o caso dos aeroxeradores un círculo con 200 metros de radio.

A *Normativa* do Plan (Tomo III) contempla unha serie de medidas de cara á minimizar o consumo enerxético e a o fomento de enerxías renovables.

**Atmosfera**

O Plan non identifica claramente os focos contaminantes; indica unicamente que as principais emisións á atmosfera previstas serán os gases das industrias, sobre todo GEI, os gases dos vehículos, os ruídos producidos pola actividade industrial e as infraestruturas de transporte e probabilidade de contaminación luminosa e contaminación olfactiva.

O ISA inclúe tres planos (ISA-11) coa **zonificación acústica** –un de todo o Concello a escala 1:20.000 e dous dos núcleos de Porto do Son e Portosín a escala 1:5.000- cuxa lenda recolle 8 areas acústicas, das cales 3 (E, G e C) non contan con representación nos planos. Para facilitar a súa interpretación, as tramas non empregadas deberían terse eliminado da lenda. Por outra banda, deberá valorarse a posibilidade de establecer como zona G –non considerada para ningún espazo do Concello- os LIC's do Complexo Húmido de Corrubedo e do Esteiro, zonificados como área H (Espazos de protección xeral).

No artigo 5.2.7 da *Normativa* establécense os límites acústicos, os cales coinciden cos establecidos polo Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. Os límites fixados non consideran a redución en 5 decibelios para ás áreas urbanizables que se recolle no punto 1.b) do artigo 14 do antedito RD.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Así mesmo, en coherencia co punto 2.d) do Real Decreto 1367/2007, o estudo acústico deberá completarse coa identificación e análise de todas as zonas de conflito xeradas entre áreas lindeiras, de uso predominante diferente, e con obxectivos de calidade acústica que difiran en máis de 5 dB(A). A este respecto prestarase especial atención aos ámbitos portuarios de Porto do Son e Portosín contiguos ao solo urbano residencial e a instalación portuaria de Boa contigua a o núcleo rural de A Telleira. Deberase diagnosticar a situación acústica destas áreas e valorar o impacto sonoro sobre elas, a fin de garantir o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica.

No tocante aos **riscos** presentes no Concello, o plano ISA-9 só reflicte os riscos de incendio, os de erosión e degradación de solos por pendentes maiores do 20%, as faias xeolóxicas e as zonas con risco de asolagamento. Debendo completarse cos riscos de carácter tecnolóxico, identificando, cando menos, as posibles fontes de contaminación físico–química, acústica, luminosa e electromagnética, as vías de comunicación de transporte de mercadorías perigosas, as explotacións mineiras, etc. Así pois, debera completarse o estudo de riscos coa incorporación dos tecnolóxicos e elaborar novamente o plano ISA-9, incluíndo a información indicada.

## Ciclo hídrico

No plano I-1.3 Cuncas hidrográficas identifícanse axeitadamente os cursos fluviais presentes no Concello. A zona de policía aparece cualificada nos planos de ordenación como solo rústico de especial protección de augas, se ben esta limítase a 25 metros. De acordo co informe de Augas de Galicia recibido durante a fase de consultas, non se considera axeitada esta redución naqueles ríos que sexan masa de auga, debendo ampliarse a área de solo rústico de protección de augas ata os 100 metros.

Cómpre sinalar que dentro das ARPSI existentes, a correspondente ao rego de Igrexa (ES014-CO-06-01-09-01), abarca terreos da APR-1-04, da API-02 e do SU-R-03, na zona sur do núcleo urbano de Portosín. O Plan contempla a integración do rego no sistema de espazos libres do SU-R-03 e da APR-1-04. A este respecto, os tres ámbitos deberán integrar a zona de asolagamento no sistema de espazos libres. As fichas normativas das tres áreas deberán contemplar, nos plans que os desenvolvan, a necesidade de realizar un estudo en detalle que delimite a zona con risco de asolagamento.

O ISA indica que as principais afeccións sobre o ciclo hídrico derivaranse dos novos desenvolvementos, que producirán unha impermeabilización dos solos e un aumento dos consumos, contemplando diversas medidas destinadas a minimizar ou paliar eses efectos (superficies máximas de impermeabilización, medidas de redución de consumo e de tratamento da auga). O conxunto de medidas foi trasladado á *Normativa*, polo que pode considerarse que queda garantida a súa integración nas actuacións.

## Ciclo de materiais

O PXOM describe en diferentes apartados o sistema de xestión de residuos, expoñendo os itinerarios e frecuencias de recollida. Indícase que o vertedoiro municipal se atopa actualmente clausurado, sendo os residuos trasladados á planta de tratamento de residuos de Servia -Mancomunidade de concellos do Barbanza- que se localiza no Concello de Lousame. Porto do Son contaría cun punto limpo na parroquia de Nebra.

No tocante ás afección sobre esta variable, sinálase que as principais virán derivadas do aumento do consumo de materiais e a xeración de residuos derivada do incremento de solo residencial, da poboación e das actividades. As medidas propostas está enfocadas á redución da xeración de residuos, así como a fomentar o seu reciclaxe e reemprego.

**DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.**
**O secretario,**
**Asdo. José Manuel González García.**

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

## 5. Aspectos de índole documental

Co obxecto de acadar unha adecuada integridade documental do PXOM, cítanse a continuación unha serie de correccións que se deberán emendar no Plan:

1. O ***ISA*** completarase ou modificarase co seguinte:

- O apartado de análise de alternativas do ISA modificarase de acordo ás consideracións realizadas no punto dous desta Memoria ambiental (actualizar a táboa do apartado 5.2. ou repetir a análise de alternativas, segundo proceda).
- O estudo da paisaxe deberá completarse co estudo da calidade visual.
- Incluirase unha análise das necesidades de desprazamento derivadas dos desenvolvementos previstos, de acordo coa determinación 3.1.5. b) das DOT, cuxos resultados se trasladarán á normativa.
- Deberá completarse o apartado relativo aos riscos coa análise dos riscos tecnolóxicos (principais fontes de contaminación físico–química, acústica, luminosa e electromagnética) que contarán coa súa correspondente representación cartográfica no plano ISA-9.
- Os planos da zonificación acústica (ISA-11) modificaranse segundo o indicado na variable atmosfera no apartado catro desta Memoria ambiental. Ademais, e de conformidade co establecido no artigo 13.3 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, os plans de desenvolvemento, ao establecer usos pormenorizados do solo, deberán realizar a delimitación das áreas acústicas dentro do seu ámbito para o cal se realizará un estudo acústico que xustifique o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica das áreas que se definan.
- Valorarse a posibilidade de establecer como zona acústica G os LIC's do Complexo Húmido de Corrubedo e do Esteiro, zonificados como área H (Espazos de protección xeral).
- Completarase a análise de coherencia interna do Plan, considerando tamén os obxectivos xerais do PXOM.
- No plan de seguimento, a periodicidade para a emisión do informes de seguimento ao órgano ambiental realizarase segundo o plan de etapas do PXOM (cada catro anos), mentres que a toma de datos deberá realizarse anualmente.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016

2. A ***Cartografía*** completarase co seguinte:

- O plano ISA-06 Unidades da Paisaxe deberá recoller a ampliación do (LIC) do Complexo Húmido de Corrubedo (ES1110006) contemplada na Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia (actualmente en tramitación).
- O plano ISA-08 reflectirá correctamente todas as teselas do "Atlas de los hábitats naturales y seminaturales de España" que conteñen hábitats de carácter prioritario.
- Aportarase un plano que recolla a fraxilidade paisaxística e que incorpore os desenvolvementos propostos.

## 6. Determinacións finais

Co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta do Plan, considérase co *Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Porto do Son é ambientalmte viable, sen prexuízo de que* deberá incorporar as seguintes **determinacións**:

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

1. Na ***Normativa*** do Plan, deberá quedar recollido, de acordo co artigo 14 do Real Decreto 1367/2007, que os obxectivos de calidade acústica das área urbanizables se virán diminuídos en 5 decibelios con respecto aos valores límite recollidos na táboa do punto 5.2.7.

2. En canto á **clasificación do solo**:

   - Considerarase a inclusión como solo rústico de especial protección de infraestruturas as áreas vinculadas aos parques eólicos de Barbanza I e Barbanza II.
   - Cualificarase como solo rústico de especial protección de augas toda a zona de policía (100 metros) dos ríos que sexan masa de auga, de acordo co informe de Augas de Galicia emitido o 31.07.2013.
   - As fichas normativas dos sectores APR-1-04, API-02 e SU-R-03, deberán contemplar, nos plans que os desenvolvan, a necesidade de realizar un estudo en detalle que delimite a zona con risco de asolagamento.

Previa aprobación definitiva do Plan, elaborarase un **informe sobre como foron integradas as determinacións expostas** nos puntos anteriores, que lle será remitido, xunto coa documentación do Plan, ao órgano competente para resolver sobre a aprobación definitiva, encargado de velar pola adecuada incorporación ao Plan destas determinacións, segundo se indica no artigo 85.7 da LOUG.

Finalmente, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, unha vez **aprobado o Plan definitivamente**, o Concello de Porto do Son remitirá a esta Secretaría Xeral a seguinte documentación en soporte dixital:

A. Plan aprobado.
B. Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:
   - De que modo foron integrados no Plan os aspectos ambientais.
   - Como se tomaron en consideración o ISA, os resultados das consultas, a Memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso.
   - As razóns da elección do Plan aprobado, en relación coas alternativas consideradas.
C. As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio.
D. Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos puntos B e C.

## 7. Medidas de seguimento ambiental

Segundo o artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, o Concello ten a responsabilidade de realizar o seguimento dos efectos no ambiente resultantes da aplicación e execución do PXOM.

O plan de seguimento terá como obxectivo identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e poder levar a cabo as medidas axeitadas para poder evitalos. Asemade servirá para verificar o grado de consecución dos obxectivos propostos polo Plan e o respecto ao medio na execución do planeamento de desenvolvemento.

De conformidade co anterior o ISA inclúe un plan de seguimento ambiental baseado nun sistema de indicadores, que serán medidos cunha periodicidade cuadrienal e os seus resultandos remitidos ao órgano ambiental en función da programación temporal do PXOM mediante un informe no que se recolla a valoración destes resultados.

Respecto á redacción dos informes de seguimento, e co fin de facilitar a participación do órgano ambiental, recoméndase establecer unha estrutura que permita a súa comparativa ano tras ano. En

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

canto ao seu contido, sería conveniente que inclúan un breve resumo da situación urbanística respecto á programación prevista e unha análise de indicadores na que se avalíe o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan e se valoren as medidas propostas, así como a necesidade de aplicar outras novas. Ademais, exporanse as conclusións xerais sobre o proceso levado a cabo, as dificultades xurdidas nel e a sustentabilidade do Plan.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

**DILIXENCIA:** este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

# ANEXO I.- RESULTADO DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

De acordo co establecido no DR, a continuación transcríbese a resposta do promotor aos informes e ás alegacións recibidas durante o proceso de participación pública e consultas. En canto a estas, sinalar que se bota en falta o informe da Secretaría Xeral de Montes e Medio Rural, que se relaciona na táboa do documento de Informe sobre o proceso de participación pública, con data de rexistro do 05.11.2012 e se define como favorable.

Así, nas táboas que seguen, recóllese a información dos informe recibidos, tal e como foi tratada polo órgano promotor que, de forma xeral integrou as indicacións dos informes recibidos.

1. Informes das Administracións públicas e Organismos:

| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas |
|---|
| Dirección Xeral de Conservación da Natureza |
| **Resumo do contido:** |
| Indica que o PXOM debe integrar as seguintes cuestións:<br>– O Solo Rústico incluído dentro de espazos naturais protexidos debe ser clasificado como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais. Así mesmo e en atención á proposta de ampliación da rede Natura 2000, debe modificarse e integrarse, ben no Plan, ben no seu desenvolvemento e sempre no caso de que a proposta se aprobe nos termos actuais; a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia (DOG n° 1, do 2 de xaneiro de 2012) en relación coa superficie do LIC "Complexo húmido de Corrubedo". Neste caso, o solo rústico debe integrarse na clasificación de Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais.<br>– As zonas verdes que se pretendan executar intentarán adaptarse aos cursos fluviais, debendo verificarse a súa inclusión na categoría de Solo Rústico de Protección das Augas.<br>– Comprobarase que, cando menos, os hábitats de carácter prioritario queden incluídos dentro dalgunha clasificación de solo que evite o seu deterioro ou contaminación. A documentación a xerar neste marco incorporará cartografía coa totalidade dos hábitats existentes e os seus códigos correspondentes a escala, coma mínimo 1:25.000, e quedará definido, ao menos para o caso dos hábitats prioritarios, as condicións correspondentes para a súa protección.<br>– Dada a existencia de humidais incluídos no Inventario de Humidais de Galicia dentro dos limites do Concello, estima conveniente que se teñan en consideración coa finalidade de outorgarlles unha clasificación de solo que evite o seu deterioro dada a súa importancia ecolóxica. |
| **Valoración feita polo promotor:** |
| – Non consta valoración por parte do promotor. |
| Augas de Galicia |
| **Resumo do contido:** |
| **Informe primeiro (favorable condicionado)**<br>– Sinala que hai unha incoherencia ao reflectirse unha captación no rego dos Sapos pero non recollela nas conclusións.<br>– Solicita que se recollan as traídas veciñais e a comprobación de si posúen concesións administrativa, deixando constancia de que, de non ser así, é obrigatorio tramitar a súa legalización.<br>– Indica que non se aporta plano no que ser recollan as zonas inundables para os períodos de retorno de 100 e 500 anos.<br>**Informe segundo (favorable)**<br>– Sinala que nos planos do PXOM debe quedar reflectida a delimitación técnica da zona de servidume (5m) de policía (100m).<br>– Indica que no PXOM deben aparecer reflectidas as zonas protexidas recollidas no Rexistro de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.<br>– Solicita que se recollan de forma expresa as Areas con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) delimitadas para o Concello polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. |

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando

## Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

- No tocante ao solo rústico de protección de augas deberase ampliar a zona de policía delimitada a 25 metros para aqueles ríos que sexan masa de auga.
- No referente ás traídas sen concesión administrativa, considera que mentres non se regularicen non se poderán conceder novas licencias de construción con este abastecemento.

**Valoración feita polo promotor:**

**Informe primeiro (favorable condicionado)**

- Recolle a captación no rego dos Sapos no apartado onde se describen as conducións.
- No que respecta ás traídas veciñais, logo de ser solicitada, non é posible aportar maior información sobre as mesmas, polo que se recolle na normativa urbanística (artigo 5.3.7) que "aquelas traídas veciñais que con data da aprobación definitiva do PXOM non conten coa preceptiva concesión administrativa para o aproveitamento das augas que empregan, estarán obrigadas a tramitar a súa legalización ou cesar no aproveitamento". En todo caso aquelas que se acheguen ao concello con posterioridade a redacción deste documento serán incorporadas a documentación do PXOM.
- Inclúe na normativa urbanística (artigo 5.2.4) que "As augas residuais non poderán verter a leitos ou canles naturais públicas sen acadar os parámetros admitidos para o seu vertido final a eses espazos, por tanto, para a realización de calquera tipo de vertido, directo ou indirecto, será necesaria a autorización do organismo da cunca hidrográfica (Augas de Galicia). No caso concreto das fosas sépticas para o saneamento en zonas de solo rústico indica que será precisa unha autorización expresa".
- No que atinxe aos planos onde se indican cales son as zonas inundables para os períodos de 100 e 500 anos, estima que tales estudios deberían corresponder ao organismo de bacía, que é o que pode establecer uns criterios comúns para todo o seu ámbito de competencia e definir uns mesmos niveis de risco e zonas de seguridade, sinalando entonces cales son os espazos que deben quedar resgardados ou nos que se permite a súa incorporación ao desenvolvemento urbanístico para dar traslado dos mesmos ao plan xeral respectivo en redacción. De tódolos xeitos, sobre aqueles terreos que semellan ser máis sensibles o propio PXOM establece a súa clasificación como solo rústico de protección de augas, costas ou aqueles que sendo máis restritivos e as veces superpostos cos anteriores, permitan diminuír os efectos que as cheas podan ter sobre os bens e as persoas.

## Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

**Resumo do contido:**

- Sinala que no punto 5 da normativa se equipara a liña do DPMT coa beira do mar.
- Solicita que sexan eliminados os puntos 7 e 9 da normativa.
- Solicita que se corrixan as imprecisións ou carencias relativas á normativa sectorial de costas (Lei 22/1988, de Costas e o seu Regulamento) coas indicacións aportadas no informe.
- Sinala que o apartado 4.9.6. deberá incorporar como condición de uso a necesidade de estar ao disposto no normativa de costas naqueles ámbitos abranguidos na zona de servidume de protección e/ou no DPMT.
- Sobre apartado 6.2.10 sinala que: a) Debería figurar nun apartado xeral do solo urbano (non exclusivamente SU consolidado). b) Non resulta axeitada a rúbrica "dentro dos núcleos de poboación" referida á clasificación como solo urbano. Suxire "condicións especificas impostas polo normativa sectorial de costas". c) O punto 3 contén definicións particulares sobre os conceptos de obras de consolidación, aumento de volume e modernización aos efectos de aplicar o réxime da DT 4° da LC. Apunta que non se entenderá aumento de volume aquel que estea por debaixo do 20%. Será no marco do procedemento da autorización autonómica en servidume de protección, regulado no Decreto 158/2005, de 2 de xuño, cando á vista do proxecto presentado, o órgano autonómico avalíe a obra solicitada e, resolva en consecuencia, de conformidade coa normativa estatal básica de costas. En calquera caso, o aumento de volume é un concepto taxado. d) O punto 4 exime da necesidade de obter a preceptiva autorización autonómica en materia de costas no caso de determinadas intervencións que define como de conservación e reparación, o que está en contradición cos artigos 26.1 da lei de costas e 48.1 do seu Regulamento. Igualmente define os conceptos de obras de conservación, reparación e mellora. e) Dito apartado debería constituír título independente dentro da normativa, de tal xeito que as súas determinacións se entenderan de aplicación para calquera clase e categoría de solo.
- Solicita integrar o apartado 6.3 no 6.2.
- Na normativa e nas fichas de xestión de aqueles ámbitos que inciden no zona de servidume de protección deberá sinalarse a súa afección á normativa costeira.
- En relación cos Plans Especiais Das Zonas De Litoral (6.3.3), sinala que non resulta válida a proposta de

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son, aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**

"Cumprimento dos requisitos da DT 3ª.3 da Lei de Costas" (aptdo 7.10.3 da Memoria).

- No tocante ao planos de ordenación, sinala que:
  - * Na zona de solo rústico co sur do SU-R-07 (Xiao 2) non se representa a categoría de solo rústico de especial protección de costas que lle corresponde de acordo co artigo 32.2.e) da LOUG.
  - * Os ámbitos de solo urbanizable SU-R-03 (Campanario II), SU-R-06 (Xio 1) e SU-R-05 (Laxieles) localizados nos primeiros 200 m da ribeira do mar, deberán contar co informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia favorable á redución a 100 m do solo rústico de protección de costas. O segundo deles ocupa parcialmente a servidume de protección e, neste ámbito é obrigada a súa clasificación como solo rústico de protección de costas a teor do disposto no art. 32.2.e) da LOUG.
  - * Os núcleos rurais que inclúan parcelas vacantes cara á ribeira do mar, acreditarán o cumprimento do artigo 13, en relación co 32.2.e da LOUG. En orde á súa valoración, incorporarase a estrutura parcelaria nos planos sobre ortofotografías a escala 1:2.500, cando menos naqueles localizados no franxa dos 200 m dende o límite interior da ribeira do mar.
  - * Canto aos espazos portuarios, non consta no plan acreditación da correspondencia do límite do SX portuario coa zona de servizo do porto, polo que se acordará informe de Portos de Galicia.

Para rematar solicita que, con carácter previo á aprobación definitiva do documento, deberá remitirse corrixido a esta Secretaría Xeral para o seu informe conforme ao artigo 117.2 da Lei de Costas

**Valoración feita polo promotor:**

- Actualiza os deslindes segundo o indicado.
- Admite as correccións indicadas no tocante á normativa.
- Na zona de solo rústico citada ao sur do SU-R-07, se non se acada a aceptación da Comisión Superior de Urbanismo para o seu mantemento, procederase a representar a categoría de solo rústico de especial protección de costas que lle corresponde de acordo coa LOUG.
- Para os urbanizables localizados nos primeiros, 200 m da ribeira do mar, solicitarase informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia solicitando a redución do solo rústico de especial protección de costas de 200 metros dende a ribeira do mar ata como máximo 100 metros, cuestión que ademais xa se considerou na memoria xustificativa do PXOM.
- A respecto da información requirida nos núcleos rurais en zonas de costa, o estudio do Modelo de asentamento da poboación xa conta cunhas fichas gráficas en color e a escalas variables par cubrir a delimitación do núcleo en cuestión na que se reflexa de xeito claro ao noso entender a estrutura do parcelario e da ocupación das parcelas na franxa comprendida entre a ribeira do mar e os 200 metros.
- A delimitación do espazo portuario foi incorporada a documentación gráfica do PXOM de acordo cos datos facilitados polo ente de Portos de Galicia.

**Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental**

**Resumo do contido:**

- Presenta unha serie de consideracións no tocante á estrutura e o contido do Informe de sustentabilidade ambiental (ISA). Informa que o contido non se axusta ao establecido no Documento de referencia, debendo adecuarse e completarse coas consideracións realizadas.

**Valoración feita polo promotor:**

- Indica que adapta o ISA ás especificacións do informe a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambienta

**Axencia Galega de Infraestruturas**

**Resumo do contido:**

**Informe primeiro (desfavorable)**

Require realizar as seguintes modificacións:

- Para os núcleos rurais:
  - * Xustificar a consolidación mínima dun terzo, fixada na lei 2/2010, para varios os núcleo comúns con crecemento ao longo da estrada.
  - * Que se corrixan as liñas quebradas das edificacións que non cumpran coa lexislación vixente.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio...

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Andrés José Manuel González García

| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas |
|---|
| – Para o APR-1-02 deberá impoñerse a condición da imposibilidade de previsión de xiros á esquerda no enlace coa vías autonómica mentres non se reordenen todos os tráficos.<br>– Nos sectores solo urbanizable residencial deberá incluírse nas fichas a obriga de solicitar informe ao organismo autonómico en materia de estradas.<br>– O execución do SU-I-01 deberá adscribirse á execución do tramo da vía V-008 e ao seu enlace.<br>– Reflectir no estudo económico que a administración autonómica só ten comprometido para o Concello de Porto do Son a execución da Variante do Portosín (Plan MOVE).<br><br>**Informe segundo (favorable)**<br><br>– Indica que se deu cumprimento ao informe emitido o 22/08/2012 co presentación de documentación o 31/05/2013, así como coa separata achegada o 01/08/2013 na que se actualiza o Trazado da Variante de Portosín e na que se inclúe na normativa a situación da liña de peche ea súa tipoloxía en relación ás estradas autonómicas. |
| **Valoración feita polo promotor:** |
| **Informe primeiro (desfavorable)**<br><br>– Procede á realización das correccións sinaladas no devandito informe.<br><br>**Informe segundo (favorable)**<br><br>– Non consta valoración por parte do promotor. |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

| Consellería do Medio Rural e do Mar |
|---|
| Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes |
| **Resumo do contido:** |
| – Aporta a relación dos MVMC do concello de Porto do Son. |
| **Valoración feita polo promotor:** |
| – Solicita unha correcta identificación gráfica dos montes listados na táboa do informe. |
| Portos de Galicia |
| **Resumo do contido:** |
| **Informe primeiro (desfavorable)**<br><br>Informa desfavorablemente e solicita:<br>– A correcta delimitación da zona de servizo do porto de Porto do Son e a representación nos planos da instalación portuaria de Boa.<br>– Achegar documentación oficial que xustifique a inclusión dos elementos patrimoniais inventariados dentro das instalacións portuarias ou, do contrario, eliminalos do catálogo.<br>– Inclusión no PXOM dunha prescrición que faga obrigatorio informe de Portos de Galicia para calquera solicitude de licenza municipal.<br><br>**Informe segundo (desfavorable)**<br><br>Non se aporta este informe<br><br>**Informe terceiro (favorable)**<br><br>Sinala que na separata emitida polo Concello de Porto do Son o 23/10/2013 dáse cumprimento aos dous informes desfavorables emitidos o 01/08/2012 e o 25/09/2013, emitindo o correspondente informe favorable. |
| **Valoración feita polo promotor:** |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente, con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

## Consellería do Medio Rural e do Mar

**Informe primeiro (desfavorable)**

- No que atinxe á inclusión das tres instalacións portuarias coas delimitacións correctas, e sendo denominadas como sistema xeral portuario, procede á corrección da documentación nese senso, sen prexuízo de que no caso das fichas dos respectivos ámbitos de cadanseu sistema xeral portuario se describas as instalacións, equipamentos e zonas verdes que a día de hoxe conteñen.
- No que respecta ao catalogo de elementos aqueles sinalados e codificados coas claves E_004 (Cruceiro da Guitarra), e E_005 (Hórreo no Cruceiro da Guitarra) figuran no listado que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural remitiu ao Concello de Porto do Son (A Coruña) aos efectos da súa inclusión no Catálogo de Bens Culturais con data de 25 de xuño de 2012 (Rexistro Xeral de Saída nº 15362; Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), co cal é obrigada para o PXOM a súa inclusión. En canto aos valores propios que motivan a súa inclusión no catálogo hai que mencionar que, a maiores o Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico (BOE nº 77, de 30.03.1963) concede a todos os cruceiros de máis de 100 anos de antigüidade, caso do Cruceiro da Guitarra, a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) na definición que destes bens ofrece a disposición adicional 2ª da Lei 8/1985, de 30 de outubro, do Patrimonio Histórico Español e, xa que logo, do 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG nº 214, de 8 de novembro de 1995). Ademais a disposición adicional 2ª da Lei 8/1985, de 30 de outubro, do Patrimonio Histórico Español e, xa que logo, a 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG nº 214, de 8 de novembro de 1995) recoñece tamén a consideración de BIC aos hórreos de máis de 100 anos, caso deste que nos ocupa, de Galicia e Asturias aos que se refire o Decreto 499/1973 (BOE nº 62, de 13.03.1973).
- Con respecto á inclusión na normativa da necesidade de informe previo para as licenzas que se soliciten no ámbito dos plans especiais de Porto do Son, Portosín e da instalación portuaria de Boa, tal prescrición incorpórase dentro do articulado da normativa urbanística do PXOM de Porto do Son (artigo 3.3.4).

**Informe segundo (desfavorable)**

Non consta valoración por parte do promotor

**Informe terceiro (favorable)**

Non consta valoración por parte do promotor

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

## Consellería de de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
## Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

**Resumo do contido:**

**Informe primeiro**

Informa **desfavorablemente** e solicita:

- Incluír no catálogo os seguintes elementos ou xustificar a súa exclusión: Casa na Igrexa e Cruceiro do Vía crucis na parroquia de San Pedro de Baroña; Cruceiro de Refáns e Cruz do Osario na parroquia de San Pedro de Muro; Cruceiro de Xusto, Cruceiro de Pilara, Santiña do Campo, Muíños de Pulila, Muíños e pontella de Quero, Muíños de Torón, Muíños de Castrallón, Muíños de Calo, Muíño de Cotro, Muíño do Corgo, Pasais do Campo da Pena, de Catrallón e de Quero na parroquia de Santa María de Nebra; casa na avenida de Galicia, casa fronte á capela de Loeto e Muiño da Aguieira na parroquia de San Vicente de Noal; Cruceiro do Cruceiro na parroquia de Santa Mariña de Xuño.
- Incorporar todos os xacementos que constan na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Nas fichas deberá indicarse a existencia dos contornos de protección dos elementos arquitectónicos e

etnográficos ou adaptar a planimetría á escala axeitada.
- Corrixir as deficiencias sinaladas no informe para as fichas dos elementos aquolóxicos.
- Reflectir nas fichas para a realización de obras en bens do patrimonio histórico ou etnográfico, así como no seu contorno de protección, poderá ser necesaria a realización dunha actuación arqueolóxica.
- Deberán corrixirse os erros sinalados polo informe no punto 1.2.3. en relación a: fábrica de salga da Gafa (A_053), fábrica de salga de Punta Aguieira (A_079), o conxunto formado pola igrexa da Magdalena (A_089 e E_055) e os elementos E_030, E_063, E_027, E_040, E_052, E_056, E_095, E_125, E_064, E_069, E_070, E_073, E_064, E_069, E_116, I_003 e I_004.

No tocante á normativa:
- No artigo 1.6 sinalarase a existencia ou non de contornos de protección xenéricos para os elementos que non teñan contornos delimitados individualmente.
- No artigo 1.7 deberá sinalarse que todas as figuras relativas ao planeamento urbanístico están suxeitas ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural.
- O artigo 2 deberá recoller os seguintes tipos de obras: conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación e ampliación.
- Corrixir o título do artigo 3.2, ademais de regularse as obras permitidas para a protección integral do seguinte xeito: permitir obras de conservación, restauración e consolidación. As de rehabilitación permitiranse sempre que non supoñan risco de perda ou dano dos seus valores.
- Trasladar o contido do artigo 3.3 ao artigo 6.
- No artigo 4.2 recollerase que en bens con protección estrutural permitiranse as obras de conservación, restauración, consolidación e de rehabilitación. As obras de reestruturación permitiranse se xeito excepcional.
- Modificar o obxecto do artigo 6.2, para aplicar o seu contido ás actuacións nos contornos de protección, ou situar o antedito artigo entre aqueles referidos a actuacións en bens catalogados.
- O artigo 9 referirase só a elementos incluídos no catálogo.
- O artigo 10 referirase unicamente ao núcleos rurais tradicionais catalogados ou singulares, recollendo esta categoría de ben no catálogo e pasando os núcleos protexidos a conxunto histórico (aldea de Lángara) e non como núcleos tradicionais. Considerarase tamén a inclusión do núcleo de Outeiro no catálogo.
- No artigo 10.5, o grao I de protección aplicarase a todos os BIC con declaración individualizada ou xenérica. Engadirase ao artigo que todas as actuacións nas áreas obxecto de protección deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.
- O apartado 3.1.1.4 deberá referirse ao "catálogo de bens".
- O apartado 3.5.3 recolle o Plan Especial de Protección do Castro de Baroña que incorpora o Plan. A delimitación da zona arqueolóxica recollida para o BIC non é coincidente coa do plan especial incorporado, polo que o PXOM deberá incorporar unha ordenación transitoria do ámbito non regulado polo PE ou deixalo sen efecto e regular o BIC cunha ordenación detallada incorporada no PXOM.
- O artigo 4.8.3.19 referirase só a elementos incluídos no catálogo.
- No apartado 4.8.3.2 suprimir a referencia á inclusión no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia e incluír que prevalecerá a conservación dos bens de patrimonio cultural nos ámbitos protexidos como nos que podan ser incorporados.
- No apartado 4.8.13 faranse extensivas a todas as categorías as condicións por conservación e regulación do patrimonio arqueolóxico.

No referente á ordenación:
- Incorporar as fichas urbanísticas ao documento.
- Nos apartados 5.4.3, 5.4.7 e 5.4.8, establecerase que nos solos onde se empracen bens catalogados ou estean afectados por contornos de protección de elementos protexidos as liñas de ordenación serán as seguintes:

  * Para solo urbano: a) As edificabilidades propostas serán semellantes ás existentes no ámbito onde se

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II





emprazan o polígono e o elemento protexido, evitando deste xeito a aparición de tipoloxías edificatorias alleas a estes. Neste senso as vivendas acoradas ou colectivas que se propoñan nos criterios de ordenación das fichas disporanse na parte do ámbito máis afastada dos elementos protexidos, e sempre en relación co tecido urbano consolidado circundante. b) Os espazos libres emprazaranse na parte do ámbito delimitado mais próxima aos elementos protexidos.

* Para solo urbanizable: a) as características volumétricas e construtivas das novas edificacións deberán adecuarse ás que caractericen os contornos dos elementos catalogados. b) As cesións de zonas verdes realizaranse preferentemente na parte dos ámbitos emprazados dentro de contornos de protección dos elementos catalogados.

- Estas determinacións deberán concretarse, polo miúdo, en cada unha das fichas dos ámbitos delimitados, afectados por tales circunstancias.
- Tamén deberá sinalarse expresamente, na normativa e nas fichas, que os instrumentos de desenvolvemento urbanístico destes ámbitos deberán contar co informe previo da consellería competente en materia de patrimonio cultural.
- Dentro da regulación establecida no apartado 7.4. engadirase un epígrafe coas seguintes determinacións para os PEORN ou PE de Protección que se realicen, afectando a elementos incluídos no catalogo ou aos seus contornos de protección: a) As características volumétricas e construtivas das novas edificacións deberán adecuarse ás que caractericen os contornos dos elementos catalogados. b) As zonas verdes disporanse na parte do seu ámbito emprazado dentro de contornos de protección de elementos catalogados.
- Por outra banda, sinala que hai unha serie de parámetros non regulados na ordenanza de solo de núcleo rural histórico - tradicional que cómpre introducir ou modificar segundo os seguintes criterios.: a). A superficie máxima edificable de 300m$^2$ semella excesiva e deberá ter relación co estudo pormenorizado do medio e núcleos rurais, estimando unha superficie máxima baseada na superficie ocupada e construída das edificacións tradicionais existentes en cada ámbito. b) Indicarase que non se permitirán os movementos de terras que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar ou alteren significativamente a súa topografía (artigo 28.1.c da Lei 9/2002). c) Protexeranse os peches e muros tradicionais existentes e establecerase na normativa que os novas peches deberán gardar harmonía cos tradicionais (artigo 28.1.d da Leí 9/2002). d) Respectaranse as aliñacións e rasantes consolidadas palas edificacións, muros e peches tradicionais. No caso de existir discrepancias entre as aliñacións e rasantes grafadas e as existentes atenderase á realidade existente (artigo 28.1.d da Lei 9/2002). e) Con carácter xeral non se poderán formular ampliacións de camiños que afecten a elementos de interese etnográfico (hórreos, muíños, canles, fontes, emparrados, muros e valos tradicionais, cómaros, noiros,...) así como a arboredo autóctono, especialmente ás ringleiras de arbores que dean a camiños ou que separen fincas (artigo 28.1.d da Lei 9/2002). Nos casos de interese xeral, con carácter excepcional e de xeito xustificado poderase formular a ampliación dalgún camiño propoñendo, en todo caso, a alternativa coa menor afección sobre o patrimonio cultural. f). Determinarase a conservación da estrutura parcelaria dos núcleos rurais tradicionais segundo o indicado no artigo 28.2.d da Lei 9/2002, polo que se establecerá a prohibición, con carácter xeral e salvo autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, da segregación e agregación de parcelas. g) Nas intervencións sobre os espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co contorno e co ambiente rural, o mobiliario será discreto, mínimo e o estritamente necesario. h) Formularase o soterrado dos tendidos aéreos existentes e minimizaranse as instalacións urbanas (artigo 28.2.b da Lei 9/2002). i) Tendo en conta que as edificacións tradicionais non dispoñen de sotos deberase establecer a súa prohibición agás naqueles ámbitos onde se xustifique a súa presenza nas edificacións tradicionais existentes. En todo caso a materialización dun soto implicará que o seu acceso se resolva no interior da edificación. j) No relativo aos semisotos deberase indicar que computarán como unha planta e que unicamente se permitirán cando as condicións topográficas do terreo impidan a construción da edificación doutro xeito. Establecerase que terá a condición de semisoto calquera planta soterrada que sobresaia da rasante do terreo nalgún punto. k) O material de cuberta será o tradicional da zona (tella ou lousa) aínda que en casos excepcionais poderán empregarse solucións e materiais respectuosos e que harmonicen cos tradicionais (zinc, cobre,...). l). As

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela



canles e baixantes non presentarán molduras e serán de chapa metálica (cinc, cobre,...) con acabado mate e sección preferentemente circular. m) As carpinterías e ocos serán dos materiais, cores e configuracións existentes no contorno. Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras interiores de madeira, non permitíndose as persianas exteriores. n) No relativo aos aleiros estableceranse na normativa as alas condicións construtivas en base ao estudo pormenorizado do medio rural, de xeito que sexan acordes coa tipoloxía tradicional existente. En ningún caso poderán exceder do plano de fachada elementos estruturais de formigón, nin cornixas, molduras ou elementos decorativos. o) De facerse novos remates de chemineas estes harmonizarán cos tipos tradicionais existentes.

- O solo rústico comprendido na delimitación dos bens protexidos polo catálogo e situados sobre solo rústico se lle asignará a categoría de solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico.
- Ao solo comprendido nos contornos de protección e situado en solo rústico se lle asignará a categoría que lle corresponda segundo o seu carácter, debendo revisarse a súa conveniencia cara á protección do patrimonio cultural e, de ser necesario, introducirse medidas protectoras e correctoras adicionais para protexer o patrimonio cultural. Salientar que o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico especialmente protexido forestal son incompatibles coa protección do patrimonio arqueolóxico.
- Subliña que a delimitación dos xacementos non foi elaborada tras un traballo arqueolóxico previamente autorizado. Da análise dos planos aprécianse unha serie de erros que é necesario modificar, como: a falta da delimitación da zona arqueolóxica do castro de Baroña, a non delimitación das estruturas do castro de Enxa, a superposición xenérica da grafía de protección arqueolóxica coa de protección forestal, situación totalmente incompatible desde o punto de vista da protección do patrimonio arqueolóxico, e do propio texto normativo no seu apartado 8.10.1. Condicións da protección de patrimonio cultural (RPPH).
- Indica tamén que: nos planos non aparece o número de ficha de catálogo, so se sinala o código identificativo desta consellería, a grafía proposta induce a erros sobre todo nos tomos de planos series 03 e 04, presentados en branco e negro; e que nos planos de ordenación non están reflectidas todas as áreas de protección, polo que deberán incorporarse en toda a planimetría do documento.

**Informe segundo (favorable condicionado)**

- Incluír no catálogo os seguintes elementos: Cruceiro do Vía crucis, Cruceiro de Refám, Cruz do Osario, Cruceiro de Xusto, Cruceiro de Pilara Laranga, Santiña do Campo Muíño do Corgo Pulilá, Pasals de Castrallón, sobre o río Quintáns, Cruceiro do Cruceiro
- Sinala que non se corrixiu a afección polos viarios propostos aos seguintes elementos: Fonte de Cortes (IE_027), Cruceiro de Pouso (E040), Cruceiro de Olveira (E_052), Fonte de Seráns (E056) ,Hórreos, eira e fonte tradicional de Beneso (E-125). Reitera a obriga de rectificar o trazado ou o largo dos viarios propostos para evitar a súa afección directa a estes elementos protexidos.
- Tamén reitera a obriga de rectificar o trazado ou o largo do viario proposto na parte oeste do plano de ordenación 03_5-R, no seu percorrido polo lugar de Linteiros — As Pardiñas, para evitar a afección directa das aliñacións propostas sobre o elemento recollido no catálogo "camiño tradicional" (na ficha n° 1003).
- Solicita que no documento para aprobación definitiva se modifique segundo o seguinte: A) No catálogo non constan de xeito individualizado os elementos arquitectónicos ou etnográficos con cautela arqueolóxica polo que será o órgano competente da Consellería de Cultura quen establecerá a necesidade de aplicar unha cautela de carácter arqueolóxico que garanta a protección e conservación do patrimonio arqueolóxico segundo cada solicitude de autorización que se presente nestes ámbitos. B) Nas fichas do catálogo referidas aos BIC (sobre todo aos petroglifos) sinálase a zona de respecto coma 1-2 se ben logo non aparece regulada no punto 10.5 do artigo 4 da normativa de protección, polo que deberá engadirse, corrixirse ou aclarar sé é a mesma regulación que a 11-2.

No tocante á normativa:

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.





- No apartado 10.3. Clasificación do patrimonio arquitectónico, sinálanse como Bens de Interese Cultural os derivados da aplicación da disposición adicional segunda da Lei 8/1995, cando debe referirse á disposición adicional primeira.
- Sobre o contido do apartado 10.4. Condicións xerais reguladoras do catálogo e as actuacións a realizar nos elementos e nos seus contornos de protección, compre corrixir: A) No artigo 1.6. substituirase "informe preceptivo e vinculante" por "autorización". B) No artigo 1.7, substituirase "informe previo" por "autorización". C) No artigo 6.2. Condicións de harmonización, substituirase "ámbito de protección dos elementos catalogados" por "contorno de protección dos elementos catalogados". D) No artigo 9. Camiños tradicionais, vereas históricas e Camiño Real, substituirase "Informada" por "autorizada" no último parágrafo.
- No tocante punto 10.5. Condicións especificas reguladoras da protección do patrimonio arqueolóxico, da normativa de protección deberá modificarse a redacción, sinalando que todas as actuacións nas áreas obxecto de protección deberán contar coa "autorización" previa da Consellería de Cultura e non co "informe", como xa se indica no punto 10.1 da normativa.

No tocante á ordenación de solo de núcleo rural:

- Deberá establecerse unha superficie máxima edificable que terá relación co estudo pormenorizado do medio e núcleos rurais, estimando unha dimensión baseada na superficie media ocupada e construída das edificacións tradicionais existentes en cada ámbito.
- O punto h) deberá reformularse e redactarse literalmente do seguinte xeito: "Tendo en conta que as edificacións tradicionais non dispoñen de sotos deberase establecer a súa prohibición agás naqueles ámbitos onde se xustifique a súa presenza nas edificacións tradicionais existentes. En todo caso a materialización don soto implicará que o seu acceso se resolva no interior da edificación".
- O punto i) deberá reformularse e redactarse literalmente do seguinte xeito: «No relativo aos semisotos deberase indicar que computarán como unha planta e que unicamente se permitirán cando as condicións topográficas do terreo impidan a construción da edificación doutro xeito. Establecerase que terá a condición de semisoto calquera planta soterrada que sobresaia da rasante do terreo nalgún punto".
- Por outra banda deberá eliminarse a frase: "Por indicación do informe de patrimonio" incluída no parágrafo inicial do punto 3 da ordenanza.

**Valoración feita polo promotor:**

**Informe primeiro (desfavorable)**

NO REFERIDO AOS BENS A PROTEXER:

- A ficha do Catálogo A_055 (Casa reitoral de Baroña), que coincide coas coordenadas que inclúe o informe, xa figura no documento do PXOM.
- A vivenda que coincide coas coordenadas que inclúe o informe para a Casa da Avda de Galicia nº 13 (499890-4730543) xa figura na ficha A_003 no documento do PXOM, aínda que os nº postais reais correspóndense co 14-15. O nº 13 ao que se refire o informe carece de valores arquitectónicos e patrimoniais.
- A Casa fronte a Capela de Loreto (501554-4731498) foi catalogada cun grao de protección Ambiental.
- O "Muíño da Aguieira (Noal; 502184-4732106)" ao que se refire o informe é, en realidade, o Forno de Punta Aguieira, que protexe a ficha E_100 nas mesmas coordenadas.
- Corrixe a exclusión da Fábrica de salga da Gafa do plano O3_5-Q.
- Inclúe a ponte como elemento a protexer da Fábrica de Salgadura de Punta Aguieira (A_079), elemento que conta agora cun contorno de protección propio.
- Inclúe un contorno de protección común aos elementos A_089 e E_055; ao tempo mellorouse a identificación de ambos bens no plano de ordenación O2_6-C.
- Inclúe un contorno de protección o Peto de Ánimas da Virxe do Leite (E_030); ao tempo mellorouse a súa

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

**Consellería de de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**
**Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**

identificación no plano de ordenación O2_4-C.
- Inclúe un contorno de protección no Hórreo con reloxo de sol de Orellán (E_063).
- Inclúe un contorno de protección no Poza trad. da Silva (E_064), común tamén aos hórreos próximos (E_083); ao tempo mellorouse a súa identificación no plano de ordenación O3_9-Q.
- Mellorouse a identificación no plano de ordenación O3_12-M do elemento E_069, tal e como se solicitaba no informe.
- En relación co que apunta o informe relativo aos hórreos de Calo (E_070) foron corrixidos os erros apuntados; neste sentido creouse un arquivo específico de hórreos que localiza e protexe todos os exemplares situados no termo municipal.
- Resolve os erros referidos ao Cruceiro da Sagrada Familia (E_073) e ao Cruceiro e hórreo da Cruz (E_074).
- Dota de contorno de protección ao Pombal de Linteiros (E_116).
- Corrixe as aliñacións que afectaban ao Camiño do Souto (I_003) e ao Camiño da Ponte Vella (I_004) sinaladas no informe.

NO TOCANTE AOS ERROS DETECTADOS:
- A fábrica de salga da Gafa (A_053), aparece agora identificada no plano de ordenación correspondente (O3_5-Q).
- A fábrica de salga de Punta Aguieira (A_079), inclúe agora a ponte de acceso, ademais dun contorno de protección propio.
- O conxunto formado pola igrexa da Magdalena (A_089 e E_055) conta agora cun contorno de protección. Mellorouse ademais a identificación destes bens no plano correspondente (O2_6-C).
- Os elementos E_030 e E_063 contan agora cun contorno de protección propio, tal e como se solicitaba no informe.
- Os elementos E_027, E_040, E_052, E_056, E_095 e E_125 están catalogados e, xa que logo, baixo a cautela da DXPC. Os bens culturais que se atopan dentro da sección do viario son bens públicos, o que non quere dicir que esta delimitación defina todo o viario actual ou futuro.
- Xa que logo calquera actuación no contorno destes bens que pretenda levarse a cabo no futuro deberá contar co informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura.
- Os elementos E_064, E_069, E_070 e E_073 aparecen agora representados no plano de ordenación correspondentes, grafando ademais un contorno de protección específico común aos hórreos da Silva (E_083) e Calo.
- O elemento E_074 conta xa coa clave do plano de ordenación.
- O ben E_116 conta xa cun contorno de protección, tal e como se solicitaba no informe.
- Rectificouse o trazado e o largo do viario proposto que afecta a I_003 e I_004 para evitar a súa afección directa.

NO REFERIDO Á NORMATIVA DE PROTECCIÓN:
Acepta con carácter xeral as indicacións recollidas neste punto do informe.

NO REFERIDO Á ORDENACIÓN
Acepta con carácter xeral as indicacións recollidas neste punto do informe.

**Informe segundo (favorable condicionado)**

Non consta valoración por parte do promotor.

**DILIXENCIA:** este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado de acordo con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García Fente Varela
DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario.
Asdo. José Manuel González García.

| Consellería de de Facenda<br>Secretaría Xeral Técnica do Patrimonio |
|---|
| **Resumo do contido:** |
| – Solicita que se cualifique a integridade campamento xuvenil Virxe de Loreto como sistema local de espazos libres e dotacións comunitarias.<br>– Indica que a delimitación que realiza o Plan para o porto de Porto do Son non recolle a totalidade dos terreos adscritos ao porto, solicitando que se faga a delimitación incluíndo a totalidade da adscrición. |
| **Valoración feita polo promotor:** |
| – Procede á realización das correccións sinaladas no informe |

| Subdelegación do Goberno en Galicia<br>Área de industria e enerxía |
|---|
| **Resumo do contido:** |
| – Traslada a consulta á Subdirección General de Planificación Energética y Seguimiento do Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a cal indica que no Concello non se contempla ningunha futura construción nas redes de transporte de electricidade ou gas. |
| **Valoración feita polo promotor:** |
| – Non consta valoración por parte do promotor. |

| Deputación da Coruña<br>Patrimonio e estradas |
|---|
| **Resumo do contido:** |
| Condiciona o informe favorable a que se recollan no PXOM as seguintes indicacións:<br>– As zonas sen establecemento de aliñacións das vías de titularidade do Deputación haberá de incluírse que "Os peches haberán de situarse fora da zona de servidume da estrada, a unha distancia mínima de 8 metros do seu eixo, e executarase de xeito que a franxa de terreo comprendida nestes oito metros poida explanarse a cota da estrada sen que o peche que se ha executar se vexa afectado.<br>– O ancho mínimo das estrada provinciais será de 16 m, o cal poderá reducirse en casos xustificados ata un ancho mínimo de 8 metros.<br>– O solo rústico de protección de infraestruturas para as estradas provinciais está comprendido, como mínimo, entre as liñas límite de edificación.<br>– Presenta unha determinación a incluír no Plan para as estradas provinciais no tocante ao seu mantemento perfeccionamento ou modificación da área de protección.<br>– Naqueles documentos onde aparezan as estradas provinciais como AC cambiaranse por DP.<br>– Os planos deberán recoller o trazado do proxecto "Ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 7103 de Laranga a Olveira por Seráns, P.K. 0+000 ao P.K. 6+224 |
| **Valoración feita polo promotor:** |
| – A estrada da Rede primaria provincial 7103 de Laranga a Oliveira por Seráns recibe a consideración análoga as estradas da Rede primaria complementaria segundo se definen na Lei 4/1994 de estradas de Galicia, en tanto que as estradas 7101 acceso á igrexa de Nebra, e 7102 Porto do Son a igrexa da Madalena, pertencentes á Rede secundaria provincial, reciben a consideración de estradas secundarias segundo a antedita Lei 4/1994 de estradas de Galicia.<br>– Grafa as aliñacións do viario nos planos así como as liñas de edificación, no caso das primeiras establecese unha distancia de 8 metros dende o eixo a cada lado, agás en zonas onde existe consolidación pola edificación, nos que se reduce, tal e como se permite no propio informe da administración provincial, en canto á segunda, no caso da estrada 7103 sitúase a 9,50 metros da aresta exterior da explanación, en tanto que nas outras dúas (7101 e 7102) faise a 7 metros das ditas arestas.<br>– Recolle na normativa as consideración feitas no informe.<br>– Modifica a denominación das estradas para que aparecese na planimetría DP no canto de AC.<br>– Nos planos contemplase o trazado do proxecto denominado ampliación da plataforma e mellora do trazado na EP 7103 de Laranga a Oliveira por Seráns, P.K. 0+000 ao P.K. 6+224. así como a reserva de terreo |

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

**Deputación da Coruña**
**Patrimonio e estradas**

necesaria para a súa execución.

**Ministerio de Defensa**
**Área de Patrimonio**

**Resumo do contido:**

- Solicita que tanto na normativa como na documentación gráfica se recolla a Zona de Seguridade Radioeléctrica correspondente á propiedade denominada "Escuadrón de Vigilancia Aérea nº 10"

**Valoración feita polo promotor:**

- Recoller tanto na normativa (artigos 1.7 e 1.8), a través da referencia ao cumprimento do disposto tanto na lei 8/1975 de 12 de marzo, como no Real decreto que a desenvolve (RD 689/1978) e o que modifica a este último (RD 2098/1985), así como as distancias na planimetría do PXOM que permitan dar cumprimento á salvagarda da Zona de Protección Radioeléctrica para a propiedade sinalada no monte Iroite.

**Ministerio de Fomento**
**Dirección Xeral de Aviación Civil**

**Resumo do contido:**

- Indica que o Concello de Porto do Son non está incluído nas Zonas de Servidume Aeronáuticas Legais correspondentes aos Aeroportos de Interese Xeral, nin se ve afectado por ningunha instalación radioeléctrica aeronáutica para a navegación aérea que competa al Ministerio de Fomento.
- Lembra que, conforme ao artigo 8 do Decreto 584/72 sobre Servidumes Aeronáuticas, a execución de calquera construción ou estrutura (postes, antenas, aeroxeradores -incluídas as pas- etc.). e a instalación dos medide vos necesarios para a súa construción (incluídos as grúas de construción e similares), que se eleve a unha altura superior aos 100 metros sobre o terreo ou sobre o nivel do mar requirirá resolución favorable previa da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), en relación con su incidencia en la seguridade das operacións aéreas, circunstancia que deberá recollerse nos documentos do plan.

**Valoración feita polo promotor:**

- Indica a normativa de obrigado cumprimento en materia de servidumes aeronáuticas vixente.

**Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente**
**Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre**

**Resumo do contido:**

Informa dos seguintes aspectos:

- Nos planos 6A e 6B da serie 2 non se representa a ribeira do mar, polo que solicita a súa sunsanación.
- Para los planes especiais PELZ-01, PELZ-02 e PELZ-03 deberá xustificarse o acoutamento dos tramos de fachada marítima. Incluirase na documentación gráfica, plantas e alzados, amosando o estado actual e o modificado. A documentación deberá conter a xustificación expresa do cumprimento dos requisitos que establece a Disposición Transitoria 3.2ª da Lei de Costas.
- Nas fichas dos núcleos rurais, sectores de solo urbanizable e áreas de planeamento remitido en solo urbano, afectados pola servidume de protección deberá incluírse que os usos en esta zona serán segundo o disposto nos artigos 24 e 25 do Lei de Costas e que se respectará o disposto nos artigo 27 e 28 para as servidumes de tránsito e de acceso ao mar.
- A parte do sector SU-I-01 afectada pola zona de influencia non poderá superar a edificabilidade media de 0,6955$m^2/m^2$.
- Indica que nas fichas naquelas edificacións e elementos do catálogo que se atopan en terreos do Dominio Público Marítimo-Terrestre e/ou servidume de protección deberá recollerse que se terá en conta o disposto nos artigos 24 e 25 da Lei de Costas e que as edificacións e instalacións estarán ao establecido na Disposición Transitoria Cuarta.

**Valoración feita polo promotor:**

- Procede á revisión dos planos de ordenación sinalados da serie 2 de forma que se faga visible a liña de ribeira do mar.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente ...
28 ABR. 2016
O xefe do servizo de Planificación Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

| Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente |
|---|
| – No que se refire á clasificación dos terreos correspondentes ao dominio marítimo-terrestre o feito de que podan aparecer con distintas clasificacións responde ao recollido no artigo 32.3 da LOUG. |
| – Sinala que no apartado 3.3.12 da Normativa Urbanística xa se recollen certas condicións da Lei de Costas requiridas nun informe anterior. |
| – Indica ademais que no artigo 6.3.3 se recollen distintas disposicións en referencia aos Plans Especiais das zonas de Litoral. |
| – Inclúe na Normativa urbanística o solicitado no informe. |

| Concello de Noia |
|---|
| **Resumo do contido:** |
| - Indica que é necesaria a concreción do deslinde entre os dous concellos para evitar situacións de parcelas situadas nos dou concellos ao mesmo tempo ou en ningún. |
| **Valoración feita polo promotor:** |
| – Non consta valoración por parte do promotor |

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela